

A central pontesa comezou coas probos de biocombustibles

A central térmica de Endesa nas Pontes deu inicio finalmente ás esperadas probas cunha mestura de biocombustibles e carbón que, no caso de que fosen eficientes permitirían evitar o peche destas instalacións das que dependen ao redor de 700 familias da comarca. Estas probas, que se están a realizar na propia central, están sendo supervisadas dende todos os sectores. Nesta operación está inmerso Marcos Prieto Seijas, especialista de Laboratorio e Medio Ambiente que tamén forma parte do comité de empresa e que nos fala das devantidas probas. **Pax. 8**

Cultura con seguridade

Os concellos chairegos reinician a súa actividade de ocio con prudencia, con máscara de uso obrigado, restrinxindo aforos e outras medidas sanitarias

O ocio e a cultura volven estar en marcha pero con medidas e restricións sanitarias. Os locais de concertos e espectáculos contan con plans de seguridade e aforos limitados e outras medidas hixiénicas para evitar a expansión do coronavirus. Así, están programadas actividades como o teatro en Vilalba, o Parga Rock ou a Invernada de Cine de Cabreiros. Tamén o sector de feiras e eventos volve poñerse en marcha tras meses de inactividade, como é o caso da Feira do Mel de Goente ou a celebración do Día da Muller Rural. Ademais, moitas asociacións acollerán cursos e charlas temáticas durante todo o inverno.



vilalba. Abre o prazo para solicitar as axudas á conciliación. **Pax. 3**

friol. Aprobada unha ordenanza para controlar a actividade madeireira. **Pax. 13**

guitiriz. O Pxom gutiricense xa se pode consultar en liña. **Pax. 15**

pol. O Concello terá un sistema de xeolocalización de emerxencias. **Pax. 17**

a pastoriza. Aberto o prazo das axudas ao transporte escolar. **Pax. 19**

muras. O Pleno amplía as axudas da luz e de estudantes. **Pax. 21**

outeiro de rei. Ecoloxistas advirten do risco dunha liña de alta tensión. **Pax. 22**

Volven a música e as actividades




As Pontes conta cunha ampla programación. **Pax. 10**

Nova edición da Invernada de Cine



Cabreiros aposta un ano máis polo audiovisual. **Pax. 12**

O Parga Rock será a finais de mes



O festival volve da man de Nuada e Reincidentes. **Pax. 15**

A Deputación amplía os prazos do Plan Único 2019

A Corporación provincial aprobou por unanimidade ampliar os prazos de execución e xustificación do Plan Único 2019. "Queremos entender as necesidades dos concellos, ser comprensivos, e

ser realistas coa situación que estamos a vivir, por iso decidimos flexibilizar os prazos para que lles dea tempo a executar e xustificar", subliñou a voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto. **Pax. 30**

Vuelta al cole

MONTURA+
CRISTALES

79€

LLÉVATE 2 POR:

99€

+20€ BLUE PROTECT POR GAFAS



NOVALUX

óptica & centro auditivo

VILALBA
C/Plácido Peña 9

604 03 20 92

Nº RLS E-27-000351 / E-27-000333

novaluxoptica.com

AS PONTES
Av. de Galicia 91

604 02 21 80

Nº RLS E-15-000024 / E-15-001170



Insua acollerá este ano unha Tasca do Liño con aforo restrinxido o 24 de outubro

Pois este ano, e por mor da covid, a XII Edición da Tasca tradicional do Liño de Insua, que se vai celebrar o sábado 24 de outubro, vai ser de menor formato, tratando de reducir riscos e controlando aforo. De feito, no campo onde se celebra habitualmente haberá control de acceso para informar das normas covid, haberá xeles para limpeza de mans e será obrigado o uso de máscaras e mantemento da distancia de seguridade.

O programa arrincará ás 16.00 horas coa presenza de representantes do Concello e da Deputación de Lugo, ambos os dous colaboradores no acto. A continuación proxectarase o documental *O liño arte e Cultura*, dirixido e producido pola Asociación de veciños de Cabreiros e no que as mulleres de Insua aportan todo o traballo das demostracións do proceso do liño. Tamén durante a tarde farase a entrega dos premios do I Certa-

me de poesía e III de debuxo infantil Insua e o liño. Non faltarán tamén as demostracións en vivo das tarefas do liño a cargo das mulleres da asociación. Completarase o programa cunha actuación de música tradicional.

Xa está aberta a convocatoria para os postos artesanais e no exterior haberá unha exposición de fotos sobre os 12 anos do traballo feito.

CONCURSOS. A Asociación convocou dous cursos con motivo da celebración da XII edición da Tasca do liño.

Así, repetirán por terceiro ano o concurso de debuxo infantil Insua e o Liño dirixido a todos os pequenos entre 7 e 13 anos residentes na provincia de Lugo e estrearán outro certame, nesta ocasión de poesía para maiores de 18 anos. O prazo de entrega de orixinais remata nos dous casos o 16 de outubro e os premios consistirán en vales de compra de libros.

Comeza unha programación baixo o lema 'Cultura Segura'

O Concello de Vilalba presentou hoxe a súa programación cultural para os meses de outubro e novembro, con actos de aforo limitado nos que haberá un estrito cumprimento de todos os protocolos sanitarios.

Con esta programación, Vilalba únese á campaña Cultura Segura, tendo como principal obxectivo "o apoio a un sector fundamental para o desenvolvemento das persoas e das sociedades, pero moi perxudicado por esta crise; foron os primeiros en pechar e os últimos en reincorporarse", aseguraron a alcaldesa de Vilalba, Elba Veleiro, e a concelleira de Cultura, Vanesa Siso.

"Os espectáculos culturais son seguros, así o levan demostrando desde hai tempo, e o Concello leva semanas traballando para ofrecer esa seguridade no auditorio, reducindo o seu aforo ata 96 prazas habilitadas das 500 existentes", explicou a alcaldesa.

En palabras da concelleira Vanesa Siso, "entendemos a cultura



A alcaldesa e a concelleira de Cultura, na presentación da programación

como un dereito e todas as partes implicadas, tanto os programadores como as administracións e as compañías, traballan sen descanso para garantir seguridade ao público".

Haberá un total de 18 espectáculos de teatro, danza, música e cine documental. Todas as entradas serán gratuítas pero é imprescindible reservar con anterioridade na web www.entradavilalba.es ou na Casa de Cultura. A apertura de

portas realizarase 30 minutos antes do inicio de cada actividade.

Os aforos serán numerados, inhabilitando as butacas que non se ocupen. A taquilla do Auditorio Municipal abrirá unha hora antes de cada función, e habilitarase a venda de entradas no caso de quedar dispoñibles, ata completar aforo.

Pódese consultar a programación na web www.terrachaxa.com

Vilalba presenta un plan de mobilidade en espazo público

O Concello de Vilalba está a elaborar un estudo de mobilidade e espazo público (EME), unha ferramenta básica para a planificación e a posterior toma de decisións en torno á mobilidade no municipio pensada para favorecer o desenvolvemento rexenerativo das áreas habitadas. Permitirá ademais acceder aos fondos europeos de mobilidade sustentable.

O obxectivo desta iniciativa é ato-

par maneiras de mellorar a mobilidade no Concello. Concretamente, céntrase en tres ideas: facer que o xeito de moverse a diario sexa máis sustentable (ecolóxico, social e economicamente); facer máis eficiente o sistema de desprazamentos no Concello, e facilitar hábitos de mobilidade máis saudables, máis respectuosos co medio ambiente e que axuden a aforrar recursos.

Ademais, terá como obxectivo unha

Vilalba máis accesible para todas as persoas reducindo barreiras arquitectónicas, mellorando a relación entre peóns e vehículos e facilitando o acceso aos transportes públicos. "En conclusión, garantir unha mellor calidade de vida para toda a cidadanía, promovendo melloras na contorna, na inclusión social e deseñando estratexias de redución das emisións de CO2", explica o concelleiro de Infraestruturas, Luis Fernández.



Para conseguir os obxectivos do EME estase a estudar, con distintas metodoloxías, o xeito en que os veciños e

veciñas se desprazan a pé, en bicicleta, en vehículo privado ou no transporte público, e o modo en que se utilizan os espazos públicos (as rúas, as prazas, as zonas verdes, etcétera). Interesa coñecer os desprazamentos que a veciñanza fai a diario tanto dentro do propio Concello como a outros da contorna; ben que se fagan por motivo das actividades diarias (o traballo, a escola, a compra...) como no tempo de lecer.

Analizaranse tamén a ocupación dos aparcadoiros, os problemas de seguridade viaria e a configuración das rúas, para detectar as carencias na accesibilidade ou os problemas que conducen á degradación ambiental.

LA CASILLA

HOSTAL RESTAURANTE

BODAS - COMUNIONES - BANQUETES

zona para Boda Civil

www.lacasilla.es

Asesoría Enerxética

Terra Chá

CONTRATACIÓN - RECLAMACIÓN
SUBVENCIONES - AUDITORÍAS
ILUMINACIÓN LED
CERTIFICACIÓN ENERXÉTICA
INSTALACIÓN FOTOVOLTAICAS

Praza da Constitución, 3 - Baixo. 27800 Vilalba (Lugo)
Tel.: 982 512 233 - info@enerxiaterracha.es - www.enerxiaterracha.es

Abre o prazo para solicitar as axudas á conciliación das familias

O BOP publicou as bases e criterios que rexen a adxudicación das axudas de ata 900 euros ás familias que precisen contratar servizos específicos para conciliación por carecer de apoios no seu entorno, co que se da por aberto o prazo de solicitude.

As axudas dan resposta ao obxectivo das áreas de Educación, Igualdade e Políticas Sociais “de artellar políticas apropiadas para dar cobertura ás necesidades das familias con menores a seu cargo”.

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días naturais contados dende o seguinte á publicación do extracto da convocatoria no BOP.

O Concello de Vilalba é consciente da dificultade de moitas familias para conciliar a súa vida familiar e laboral, sobre todo na crise sanitaria actual, e ten en conta que a día de hoxe non é factible implementar un servizo de conciliación público nos centros educativos que cumpra os protocolos xerais dos centros. As axudas só se poderán recibir polos servizos contratados fóra do horario dos centros escolares durante o curso escolar.

As axudas poderán destinarse á contratación de persoas ou servizos (coidador, ludoteca, servizo de autobús) para atender aos seus fillos e fillas menores fóra do horario escolar mentres os seus proxenitores se atopan traballando.

As familias que opten pola contratación dun coidador, xa sexa directamente ou a través dunha empresa de servizos, poderán pedir unha única axuda aínda que a persoa coide a varios menores. Se a familia opta por contratar centros de ocio ou utiliza a axuda para transporte escolar, poderá solicitar unha por cada menor



As axudas poderán destinarse á contratación de persoas ou servizos

beneficiario.

Estas axudas serán compatibles con outras axudas públicas ou privadas para a mesma finalidade, sempre que sumada ao importe deste axuda non se supere o 100% do gasto realizado. Será condición indispensable

que a unidade de convivencia careza de rede natural de apoio, considerándose ésta a exercida pola nai ou pai, e será requisito indispensable estar empadroadado e ser fillo ou filla de pais empadroados no termo municipal de Vilalba.

Subvencións a asociacións

O Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo recolle as bases para a convocatoria das subvencións do Concello de Vilalba destinadas ás actividades que desenvolven no municipio as asociacións e entidades sen ánimo de lucro.

En concreto, o Concello destinará unha partida de 33.000 euros ás asociacións culturais (5.400 euros); educativas (1.800 euros); clubs deportivos (10.800 euros); asociacións de mulleres (3.600 euros); asociacións veciñais (9.600 euros); asociacións que traballan con colectivos específicos (600 euros), e outro tipo de asociacións (1.200 euros).

Nesta convocatoria, hai un cambio nos criterios de adxudicación e o Concello terá moi en conta

aspectos como a presenza de mulleres na xunta directiva das asociacións, o fomento de plans de igualdade e as actividades de fomento da convivencia e a igualdade de xénero, ademais doutros aspectos como o fomento da lingua galega ou a celebración de actividades no rural.

Os principios xerais aos que se suxeitarán os procedementos de outorgamento de subvención son os seguintes: publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, eficacia, eficiencia, voluntariedade e non vinculación para futuras subvencións. A concesión das subvencións previstas nas bases tramitarase en réxime de concorrencia competitiva.

O Concello prepara a licitación do servizo de limpeza e recollida de lixo

O Concello de Vilalba publicará a curto prazo os pregos do novo contrato municipal de limpeza viaria e recollida de lixo, que incluírá importantes melloras no servizo.

O contrato recollerá a obrigatoriedade por parte da empresa de adquirir nova maquinaria e aumentar a plantilla, garantindo os postos de traballo actuais. Segundo aseguran no Concello ante as críticas do Partido Popular, os pregos técnicos da nova licitación están listos desde hai dous meses, e así o anunciaron nun pleno anterior. As cláusulas administrativas xa están case rematadas.

Mentres se resolve o novo contrato, o servizo vaise continuar prestando con absoluta normalidade.

Consciente da evolución do sector, o Concello de Vilalba traballa sobre un modelo cimentado na calidade, as novas tecnoloxías e un mellor servizo. Como novidade, o futuro contrato incorporará un sistema de control continuo de calidade que orbita sobre tres indicadores básicos: a calidade percibida, un indicador de satisfacción da cidadanía; un índice de calidade obxectivo do traballo, e un plan de servizos, é dicir, o compromiso do adxudicatario da posta a disposición dos medios humanos e materiais da súa oferta.

Respecto das novas tecnoloxías, o novo servizo terá un sistema de xestión informática para o control e seguimento da frota de vehículos e maquinaria, a optimización das rutas ou a xestión de avisos o incidencias. Os colectores terán en cada unha das súas fraccións sensores que permitirán coñecer todas as incidencias, incluído o grado de enchido para desta forma optimizar e mellorar as rutas de recollida.



Contedores do Concello

O prego incluírá tamén un incremento da frecuencia de recollida no rural e, adicionalmente, a adaptación das prestacións no caso de repetirse situacións de confinamento como as pasadas derivadas da covid-19.

Continuando cos servizos e prestacións, se mellorarán as recollidas especiais: voluminosos e aparatos eléctricos, animais mortos, pilas, e a recollida en mercados e mercadillos. A empresa encargarse ademais da reposición inicial de colectores, lavado, conservación e substitución. Respecto da limpeza viaria, o prego determina os tratamentos ordinarios, barrido manual, barrido mecánico, baldeo mixto e mecánico, etcétera, así como as tarefas atípicas. O Concello estableceu unha zonificación y asignáronse frecuencias mínimas a cada zona. Por primeira vez, contéplase a limpeza da praia fluvial da Magdalena, así como un servizo de limpeza nas parroquias. O Concello de Villaba mellorará tamén o servizo do punto limpo, coa posibilidade de contar cun punto limpo móbil que se desprace por todo o municipio para a recollida de determinados residuos.



DI ADIÓS AL FRÍO Y AL RUIDO...
Y disfruta de tu hogar



con sistemas de ventanas KÖMMERLING



ALLPLAS
SISTEMAS DE VENTANAS

info@allplassistemas.es
982 209 505



KÖMMERLING®
Sistemas de ventanas

Buxos verdes abre o prazo de matrícula para o novo curso

O grupo Buxos Verdes de Vilalba vén de abrir un novo prazo de matrícula para os cursos de gaita e percusión, que terán lugar entre as 20.00 e as 22.00 horas e os de baile, que se desenvolverán en horario de 21.30 a 22.30.

Nos dous casos as clases, que se prolongarán ata maio do próximo ano mentres a situación sanitaria o permita, serán os venres no Auditorio Carmen Estévez.

Para calquera dúbida sobre as clases ou o protocolo os interesados poden contactar a través do mail buxosverdesdevilalba@gmail.com ou no teléfono 653 639 179.

O SLG organiza un curso de conservación de alimentos

O local social da Liga Santaballese de Vilalba acollerá entre o 1 e o 29 de outubro un curso de transformación e conservación de alimentos. As clases desenvolveranse todos os xoves de 16.00 a 20.00 horas. Está aberto unicamente á participación de mulleres traballadoras e demandantes de emprego.

Os interesados en inscribirse ou informarse poden facelo no teléfono 982 512 431 ou no correo vilalba@sindicatolabrego.org. Está organizado polo Sindicato Labrego Galego.

Os radioaficionados celebran unha charla aberta o día 17

A Unión de Radioaficionados Españoles Terra Chá celebrará o próximo 17 de outubro unha charla introdutoria ao DMR, que impartirán Fernando Rodríguez e Manuel Expósito.

A charla terá lugar ás 16.00 horas no Centro Cultural e Recreativo de Vilalba.

Para participar é necesario confirmar asistencia por whasapp no 616 556 788.

Un acordo entre o PP e Vilalba Aberta permite reprobar á alcaldesa no Pleno

O Pleno de Vilalba rematou coa reprobación da alcaldesa, Elba Veleiro, trala moción presentada polo PP e apoiada por Vilalba Aberta, e na que se lle acusa de “inacción” ao Goberno municipal e de desleixo “pola incapacidade de aprobar tanto os orzamentos como o Pxom”.

Como explicou o voceiro popular, Agustín Baamonde, “a reprobación non ten sentido práctico e nós plantexámola como unha chamada de atención porque a alcaldesa está transmitindo á sociedade unha sensación de inutilidade”.

Para os populares, son moitas as cuestións fundamentais que están sen avanzar como o orzamento “que tanto nos reclamaban estando na oposición e que nós aprobábamolo en abril”. Califican a situación de grave “xa que o primeiro de todo é facer un presuposto acorde coas súas ideas”.

Tamén reclaman que aínda non se aprobaran as contas do 2019 “nin siquiera se presentaron á comisión de contas o que pode causar moitos prexuízos á hora de pedir subvencións”.

Ademais, criticaron o feito de deixar caducar o contrato con Urbaser sen

convocar un novo, “un contrato de 20 anos de duración ao que se destinan 6 millóns de euros”.

Outra das grandes críticas foi a ampliación do polígono asegurando que “os empresarios están desesperados porque non temos solo industrial e nós deixamos todo listo para poder ampliar o polígono e xa non se soubo máis”.

O PP suma ás súas críticas o abandono do rural “coas pistas desfácendose”, a ruptura democrática e da coalición, a incapacidade de xestionar coas administracións e a falta de capacidade para tomar decisións.

A alcaldesa defendeuse das acusacións alegando que o Pxom está en marcha e que o borrador estivo en exposición durante o verán; que o polígono está parado xa que están a esperar a solución dun punto negro que impide a ampliación e venda de parcelas e que o contrato da limpeza o teñen parado xa que non saben a dispoñibilidade económica do Concello trala incidencia da pandemia.

O PP presentou ademais outra moción na que solicitaba que os cartos que se aforraron ao non ter que sufragar as festas de San Ramón se



Fachada da casa consistorial vilalbesa

destinaren para axudas aos colexios. Non se aprobou xa que tanto PSOE como Vilalba Aberta votaron en contra.

VILALBA ABERTA. Pola súa banda, as mocións presentadas por Vilalba Aberta tamén foron aprobadas mentres que a do PSOE na que pedía instar á Xunta a reforzar a atención telefónica no centro de saúde de Vilalba, así como a súa remodelación, foi tumbada cos votos en contra de toda a oposición.

O grupo de Vilalba Aberta pedía a creación dun fondo de compensación municipal co fin de subvencionar o cobro dos recibos dos veciños afectados pola problemática da traída municipal e o cumprimento e materialización dos acordos plenarios no Concello de Vilalba. Tamén presentou dous rogos para que se fixera un soterramento progresivo do cableado nas fachadas e a elaboración dun plan de actuacións sobre os diferentes accesos, camiños e pistas de titularidade municipal.

Agarimo abre o prazo para anotarse a cinco actividades

A asociación de mulleres rurais Agarimo de Santaballa reinicia a tempada de actividades coa posta en marcha dun programa que se centrará, a partir de outubro, en diferentes opcións.

Así, no programa de cursos figura novamente o de pilates, que se desenvolverá unha vez á semana de 20.30 a 21.30 horas a partir do 6 de outubro. Tamén haberá ioga os xoves de 20.30 a 22.30 horas dende o xoves 8.

O mércores 7 está fixado o inicio do curso de restauración, cestería

e pintura, que será polas tardes de 16.30 a 18.30 horas, ademais do de bolillos, do que aínda non se coñece a data de inicio nin os días de celebración.

Completan a programación os talleres Imavi, a cargo de Iria Pigueras, que se celebrarán os días 23 de outubro, 20 de novembro e 18 de decembro para grupos de oito persoas. O resto dos cursos terán un aforo máximo de 10.

Durante o transcurso dos cursos poranse en marcha as diferentes medidas anti-covid.

Artistas reclaman nun escrito nomear a casa da cultura na honra de Manuel María

Un movemento cidadá composto por poetas, escritores e artistas de diferentes especialidades e procedencias reuníronse nun manifesto no que reclaman aos poderes locais de Vilalba que reconsideren o seu rexeitamento para que Vilalba, como capital da Terra Chá, “recoñeza ao noso bardo universal aprobando o nome de Casa da Cultura Manuel María como monumento á concordia, á cultura, e ao home que amou unha Terra Chá humildosiña cun amor xeneroso, fidel e de boa lei”.

Para subliñar a súa intención refírense ao acto académico celebrado o día 15 de febreiro de 2003 no Auditorio Municipal Carmen Estévez de Vilalba, no que o propio Manuel María Fernández Teixeira validou ante os membros da Real Academia Galega a razón de ser para que o seu discurso académico fose pronunciado na capital chairega.

“Solicitamos a adhesión de cantos e cantas consideredes coma nós unha xusta reparación na estima da figura de Manuel María”, conclúen.



“Facemos unha auditoría do contrato eléctrico e buscamos o mellor para o noso cliente”

Pilar Novo Pérez é a xerente de Asesoría Enerxética Terra Chá de Vilalba

No ano 2013 abriu en Vilalba, unha asesoría especializada no campo da eficiencia enerxética sostida por un equipo técnico formado por un grupo de profesionais cuxo obxectivo é ofrecer aos seus clientes unha asesoría técnica a través de estudos, diagnósticos, auditorías e servizos orientados á xestión e eficiencia enerxética. En base a un contrastado coñecemento técnico dispoñen de dúas áreas de servizos diferenciadas; a de Proxectos e Servizos técnicos de enxeñaría e a de Asesoramento enerxético.

Ao fronte da mesma atópase María del Pilar Novo Pérez, que nos explica cal é o eixe principal desta empresa, que se localiza dende 2018 na praza da Constitución, e o traballo do que se nutren os seus clientes.

Como xurdiu a idea?

Como consecuencia da diversi-

dade e complexidade da regulamentación do sector e a liberalización do mercado que trouxo como consecuencia a apertura regulamentaria a outros intervinientes e que ata o momento estaba en mans exclusivas das cinco grandes compañías enerxéticas.

Que tipo de servizos prestan?

No noso caso prestamos servizos avanzados de xestión enerxética, desde a contratación pasando polo control, xestión e negociación da enerxía dun punto de subministración e a posibilidade de estudar diferentes medidas de aforro enerxético para os mesmos como autoconsumo, LED...

No fondo, a nosa función consiste, en palabras coloquiais, en traducir a factura eléctrica e de gas dos nosos clientes, controlar que na factura estea o que se contratou e buscar as me-

llores opcións para que o noso cliente pague o menos posible tanto con medidas de optimización como de contratación.

Cales son os servizos máis demandados?

No fondo todos son necesarios e imprescindibles pero o que primeiro nos dá a coñecer e que fai que o cliente confía en nós é a auditoría do contrato de subministración eléctrica e de gas na que facemos un estudo exhaustivo da mesma e vemos as diferentes ofertas do mercado e o mellor para o noso cliente.

Cales son as últimas novidades do sector?

Nestes tempo nos que mirar polo medio ambiente é tan necesario na loita contra o cambio climático unha das principais novidades que hai no noso sector é a aparición do autoconsumo e das compañías eléctricas



María del Pilar Novo Pérez, de Asesoría Enerxética Terra Chá

de orixe renovable que favorecen a redución da pegada de carbono na nosa sociedade.

Por que contratar un asesor enerxético?

O gasto enerxético é un dos gastos máis importantes de calquera empresa ou negocio. Cos coñecementos adecuados podemos velo reducido considerablemente sen necesidade

de realizar ningunha inversión inicial.

Cambiou o traballo nestes últimos tempos pola pandemia?

Como todo neste momento tan complicado no que vivimos tamén cambiaron os nosos métodos e tivemos que adaptarnos tamén tanto ao teletraballo como ás visitas en liña vía telemática.



GALICAL

CALES Y DOLOMITAS AGRICOLAS

LÍDER EN EL SECTOR

Gama completa en cales, carbonatos y dolomías para uso agrícola



C/ Gallastegui Unamuno, Vial G - N.º 7
Polígono Industrial As Gándaras 27003 Lugo

Tel.: 982 22 14 84
info@galical.es - www.galical.es

ENCALADO AGRÍCOLA SOBRE EL TERRENO CON GPS



MEZCLAS PARA CAMAS DE GANADO VACUNO



ENVASADO DE CALES Y DOLOMITAS ALIMENTACIÓN ANIMAL

O lescha pide solucións para o deterioro no que está o Mupav



Entrada do Mupav, onde se colocou corcho no chan para poder abrir

A xunta directiva do lescha fixo público un comunicado no que manifesta a súa preocupación pola situación que está a sufrir dende hai anos o Museo de Prehistoria e Arqueoloxía de Vilalba, “que presenta un estado lamentable das instalacións debido á falta de mantemento, responsabilidade do Concello, propietario do inmovible”. Explican que para a conservación e o estudo do patrimonio bibliográfico e dos restos arqueolóxicos, expostos ou depositados, debe contar cun orzamento suficiente que lle permita desenvolver as actividades propias de tal institución (conservación, investigación, difusión e outras) “e ser un referente importante non só para a cidadanía e para os centros educativos, senón tamén como lugar de intere-

se para as persoas que se achegan a Vilalba facendo o Camiño Norte de Santiago ou en visita turística”. O lescha, como entidade cultural difusora do patrimonio material e inmaterial de Galicia e nomeadamente da Terra Chá, considera que “o Concello de Vilalba debe amosar sensibilidade e apoiar esta entidade para non deixar esmorecer o único museo da nosa vila, que pode ser ademais un punto de atracción permanente para o turismo cultural”. No último Pleno tamén se tratou este tema, que preocupa a todas as partes, e acordouse que se formará unha comisión que estudará as distintas opcións que hai para poder impulsar o seu financiamento xa que se trata dunha situación que ten moitos atrancos burocráticos.

O Concello segue coas obras de mellora en varias parroquias

O Concello de Vilalba deu por finalizados os traballos para a mellora da eficiencia enerxética e a posta en funcionamento do novo alumado público no núcleo de Cotoriña, na parroquia de Insua. A actuación, cun orzamento de máis de 20.000 euros, serviu para a instalación de 15 novas luminarias con tecnoloxía LED.

Debido ao mal estado dos antigos puntos de luz, foi necesaria a súa renovación cun alumado máis eficiente, que tamén se traducirá nunha diminución do gasto para as arcas municipais. Os traballos dan ademais continuidade ao plan de renovación do alumado público.

RIOAVESO. Deron comezo as obras de acondicionamento, pavimentación e sinalización do vial municipal que atravesa a parroquia de San Xurxo de Rioaveso e enlaza a estrada autonómica LU-120 coa estrada provincial LU-P-6514. Trátase dun vial de 900 metros moi utilizado para desprazarse ao centro urbano do Concello, a igrexa e o cemiterio municipal. O orzamento dos traballos ronda os 39.000 euros e o prazo de execución será dun mes.

A falta de capas superficiais de pavimento no vial provoca que a superficie non sexa impermeable a día de hoxe, o que axiliza de maneira nota-



Obras en Rioaveso

ble o seu deterioro e supón un risco para o tráfico de vehículos. Farase a limpeza de noiros, regularización da súa superficie e a execución dunha nova capa de firme de rodadura a base de aglomerado en quente de cinco centímetros de espesor. Tamén se procederá á súa sinalización horizontal e vertical.

GOIRIZ. Tamén darán comezo as obras de acondicionamento, pavimentación e sinalización do vial municipal que atravesa a parroquia de Goiriz de norte a sur ata rematar na estrada autonómica LU-120. O orzamento ronda os 48.000 euros e o prazo de execución dos traballos será dun mes. Procederá á retirada da terra vexetal acumulada en beiravías e noiros, en ambas beiras

da estrada, para estender posteriormente unha nova capa de rodadura cun espesor medio de cinco centímetros. Finalmente, colocaranse as sinais e farase o pintado.

OLEIROS. A Deputación acometerá as obras de mellora na estrada LU-P-6510 ao seu paso pola parroquia de Oleiros, unha obra para que dispuxo un orzamento de 192.027,50 euros. Os traballos desenvolveranse nos primeiros catro quilómetros e medio da calzada, concretamente entre os puntos quilométricos 0 e 4,550. As obras, que se iniciarán en breve, terán un prazo de execución de nove meses e inclúen a reapertura e limpeza de cunetas, a pavimentación con aglomerado en quente e a sinalización horizontal co repintado.

cospeito

Patrimonio dos Ancares denuncia danos en mámoas



Unha imaxe dunha das mámoas danadas

Membros do colectivo Patrimonio dos Ancares presentaron unha denuncia ante o Servizo de Xestión Cultural da Consellería de Cultura en Lugo por “unhas graves agresións a dúas mámoas do Concello de Cospeito”. Foi na necrópole megalítica da Millarada, situada entre as parroquias de Pino e Santa María de Cospeito, formada por 32 enterramentos. Trátase dun lugar que está considerado unha das maiores concentracións tumulares do período Neolítico de Galicia.

Segundo a denuncia, a mámoa catalogada co número 5 da necrópole, cunhas medidas de 35 metros de diámetro e 3 de altura, foi cortada por maquinaria pesada na parte suroeste ao realizar unha plantación de eucaliptos, perdendo un cuarto da masa tumular.

A outra agresión foi á mámoa catalogada co número 21, de 34 metros de diámetro e 1,5 de altura. Foi ao realizar unha tala de piñeiros con maquinaria pesada, ocasionándolle profundos surcos.

As preguntas do PSOE centran o Pleno no que se aprobou o Plan Económico

O Pleno ordinario de Cospeito tiña na orde do día diferentes cuestións económicas entre as que figuran unha transferencia de crédito e a aprobación do plan económico financeiro. En todos os puntos, que se aprobaron pola maioría do equipo de Goberno, contaron coa abstenición do PSOE.

O resto do Pleno consistiu na contestación das once preguntas que presentou o Partido Socialista. A primeira foi relativa á situación na que se atopa o Pxom, ao que se presentaron unhas mil alegacións que se contaba con que estiveran resoltas o antes posible. Ante isto a socialista acusou á empresa de “informalidade” e pediu que se axilizara o proceso “porque son moitas alegacións e moito por responder”.

Tamén fixeron un repaso da situación do Concello ante a pandemia da covid-19. Rosa Morán, a voceira socialista, indicou que tal e como recomendaron na reunión da comi-

sión se puxeron carteis coas normas de uso nos parques e continuaron realizando as desinfeccións.

As estradas ocuparon moito do tempo de debate. Así, a dos Canaredos, que une as parroquias de San Martiño de Corvelle na Pastoriza e Muimenta, foi obxecto de atención tras a reivindicación que fixeron hai días plantando árbores no medio da rúa para reclamar o seu arranxo. O alcalde, que recoñeceu o estado no que se atopa, asegurou que estaba previsto aglomerar e a intención é que entre dentro dun plan. Morán asegurou que ao día seguinte da protesta abríronse as cunetas e agora aínda está peor. Armando Castosa asegurou que ata febreiro non se poderá facer a obra pero que a rebachearán cando poidan.

As que si están dentro do Plan Único son a de Roás, que segundo recoñeceron tiñan moita falta. A intención é licitala o antes posible pero tamén se fará un repaso das fochancas porque

a obra tamén terá que esperar a despois do inverno.

Os socialistas tamén levaron a queixa da situación que se vive en Cospeito e Pino onde se están a realizar obras de abastecemento de auga da Xunta e que teñen aos veciños protestando pola situación que están a pasar. O concelleiro de Obras asegurou que cando se reciban as obras, a zona deberá estar en bo estado, que xa o tramitou así á empresa.

O grupo de Goberno tamén se comprometeu a colocar máis contedores de lixo naquelas zonas onde hai deficiencias no servizo. Compraron 20 para este fin.

Finalmente, o PSOE preguntou polo plan de desbroce de pistas. O alcalde asegurou que só queda por desbrozar a parroquia de Pino que se fará en breve e que naqueles puntos onde quedarse deficiencias seguirán actuando a demanda. Tamén se comprometeron a comezar un plan para reabrir camiños en desuso.

A CHMS retirará unha pasarela e acondicionará o río Anllo



Unha imaxe do río Anllo ao seu paso por Abadín

A Confederación Hidrográfica do Miño Sil vai levar a cabo obras para mellorar a capacidade hidráulica do río Anllo e de mellora da súa contorna. Estes traballos fundaméntanse polo estado de desuso no que se atopa a antiga pasarela, que forma un obstáculo transversal ao fluxo de caudais ao mesmo tempo que cambia a hidromorfología natural do cauce. A CHMS realizará estes traballos esta semana cun orzamento que algo máis de 10.500 euros.

Na zona xa se fixo unha primeira intervención coa retirada de madeira morta, árbores secas e desbroces se-

lectivos, ademais da retirada dunha lousa de formigón.

A actuación de agora consiste na retirada íntegra da pasarela (formigón, madeira e cachotería) que actualmente deixou de ser funcional e con iso mellorar a continuidade fluvial e ao mesmo tempo a capacidade de desague do río Anllo, evitando a aparición de tapóns de madeira. Previo ao comezo das actuacións, instalaranse as barreiras anti-turbidez e barreiras de flotantes no caso de ter que traballar puntualmente con retrocarga no leito como medida preventiva para conter as posibles fugas de aceites e hidrocarburos.

Compañías enerxéticas e Concello acondicionan a estrada da Corda



Vista da estrada da Corda xa amañada

Un acordo entre o Concello e as compañías enerxéticas con responsabilidade no Concello, Norvento, Naturgy e Siemens Gamesa, permitiu a mellora da estrada LU-P-0103, coñecida como a da Corda, que une Abadín e A Pastoriza. Os traballos consistiron no arranxo do firme da vía en preto de catro quilómetros e medio, desde o cruzamento de Abeledo e Bozarrei ata a ponte da autovía en Fraiás. Estas obras fixéronse unha

vez que finalizou a construción dos parques eólicos de Neda e Pastoriza-Rodeiro, que causou estragos na calzada. Trátase dunha obra moi demandada xa que comunica varias parroquias e é o lugar onde ten lugar todos os anos o tradicional descenso de carrilanas.

O investimento ascende a 340.000 euros. En paralelo, Norvento tamén acondicionou o cruce desta vía co acceso ao seu parque eólico de Neda.

O PSOE pedirá no Pleno a construción dunha residencia de maiores

O Grupo Municipal Socialista do Concello de Abadín presentará no próximo Pleno unha moción na que solicitará que o Concello leve adiante os trámites necesarios para a construción dunha residencia da terceira idade no Concello.

“Dado que o noso Concello ten unha media de idade moi elevada, case 1000 persoas teñen máis de 65 anos según os últimos datos publicados polo Instituto Galego de Estadística, motivado en gran parte polas políticas levadas a cabo por o Goberno do PP no Concello, dá como consecuencia unha crecente demanda para a construción dunha residencia da terceira idade”, explican.

Engaden os socialistas que a residencia de maiores non é só positiva para a xente que vive aquí e que a necesita, tamén é importante para toda esa xente que está lonxe das súas familias noutros centros xeriátricos de Bretoña, Lánca, Ferreira, etc. “o que supondrá para eles unha forma de poder volver ao seu lugar de orixe, así mesmo crearía postos de traballo, algo tan necesario”.

www.hijosderamonrubalsl.es
alfoz@hijosderamonrubalsl.es



*Hijos de
Ramón Rubal*

982 55 86 00

DPTO. FORESTAL 665 69 72 99 - 671 72 22 42

MÁS DE 80 AÑOS COMPRANDO MADERA

**COMPRAMOS
MADERA**

PINO Y EUCALIPTO

**VENDA SU MADERA SIN SALIR DE CASA
LLÁMENOS NOSOTROS NOS ENCARGAMOS DE TODO**

ASERRADERO Y EXPLOTACIÓN FORESTAL

“Sabemos que é factible operar cun 50% de biocombustibles”

Marcos Prieto Seijas, especialista de laboratorio en Endesa As Pontes

A central térmica de Endesa nas Pontes deu inicio finalmente e tras varios retrasos ás esperadas probas cunha mestura de biocombustibles e carbón que, no caso de que fosen eficientes desde o punto de vista técnico e rendibles economicamente, permitirían evitar o peche destas instalacións das que dependen, entre empregos directos e indirectos, ao redor de 700 familias da comarca. Estas probas, que se están a realizar na propia central, están sendo supervisadas dende todos os sectores xa que podería supoñer evitar o peche da mesma. Nesta operación está inmerso Marcos Prieto Seijas, especialista de Laboratorio e Medio Ambiente que tamén forma parte do comité de empresa e ocupa o cargo de secretario de Política Industrial da UGT FICA Endesa.

En qué consisten as probas que se están a realizar este mes en Endesa?
Este mes empezamos coas chamadas probas de aproximación. A súa función é ir substituíndo o carbón por biocombustibles para comprobar si aparece algún problema e estudar a solución ó mesmo.

Cando teremos resultados?

Inicialmente xa se constata que é factible operar o grupo cun 50% de biocombustibles e nas próximas semanas dispoñemos das análises químicas en profundidade de cinzas, lodos, etc. onde esperamos ratificar o enorme beneficio medioambiental que supón valorizar este tipo de refugallo, que se atopan fóra da cadea de valor, retirando gran cantidade de contaminantes de campos e montes.

Podería significar un futuro diferente ao peche?

Si, o compromiso do conselleiro delegado José Bogas en sede ministerial é que si as probas demostran a viabilidade técnica, medioambiental e económica, a central continuará operando. Obviamente si ata o de agora a causa principal do peche é a perda económica para Endesa/Enel por mor dos impostos que leva asociado o uso do carbón, un cambio a un biocombustible limpo fai desaparecer a razón principal para o peche.

A nivel medioambiental que supón?

Un éxito a nivel europeo, este é sen dúbida un dos máis importantes

proxectos medioambientais. O uso dos excedentes de lodos primarios de gandeiría e lodos de depuradora entre outros refugallos, suporía a posibilidade de eliminar os contaminantes e o exceso de nutrientes dos nosos terreos que saturan acuíferos, envelenan pantanos e rías, aportando valor engadido a unhas refugallos que a partir de xullo do 2022 pasarán a ser material de vertedoiro, eses lodos que levamos anos pelexando para eliminar.

Como ve a reacción da empresa a todo o que está pasando?

Escéptica, dame a impresión que o potencial deste importante proxecto non está chegando ás persoas que teñen que tomar as decisións.

Como ven o apoio das diferentes administracións?

Fundamental. Tanto o Ministerio para como a Consellería e por suposto o Goberno municipal están actuando de garantes nos resultados. Entendemos que o futuro deste proxecto, paradigma da economía circular e medioambiental, está en gran medida nas mans dos políticos.

Xa hai algún resultado provisional?

Os resultados provisionais son que estivemos traballando con porcentaxes de substitución do 30, 40 e 50% do carbón por biocombustibles a base de lodos de depuradora e outros refugallos, sen problemas operacionais importantes, incluso mellorando determinados parámetros da propia combustión.

Como reciben o investimento anunciado por Endesa para As Pontes?

Necesario. Co gallo da parada de mantemento obrigada polas horas de funcionamento da central de ciclo combinado, aprobeitase para facer unha actualización das instalacións para mellorar a súa resposta ás necesidades do consumo actual, esperando mellorar a dispoñibilidade.

Hai medo a que se enturbien os resultados. Hia transparencia?

Sí, as administracións públicas están supervisando as probas e velando pola imparcialidade dos resultados.



Marcos Prieto na central pontesa

Para a redacción do informe final, existe un comité técnico integrado por MITECO a través do IDAE; INEGA e Medio Ambiente da Xunta de Galicia e o Concello das Pontes ademais dos expertos de Endesa que teñen o mandato de velar pola transparencia das probas. Hai que pensar que é un proxecto capital para o medio ambiente, o emprego. Nosoutros, en base á experiencia xerada cos anos de funcionamento da central, os cambios de combustibles realizados con anterioridade, temos a firme convicción da viabilidade da substitución do 100% do carbón con mínima inversión. Temos que pensar que a instalación foi creada para consumir o lignito pardo que se extraía na mina das Pontes, un combustible de moi baixo poder calorífico, menor incluso que os biocombustibles cos que es-

tamos a probar.

Habería outras opcións para a central de non ser positivas as probas?

Non, Endesa ten provisionados aproximadamente 200 millóns de euros para a súa demolición.

Como se está vivindo esta espera?

É un pouco agónico. Temos que ter en conta que por un lado están traballando na recolocación do persoal propio o que suporá a emigración e por outro, dilatando a realización das probas. É importante non precipitarse pero está xerando moita incertidume na veciñanza, que ve perigar o futuro de moitas familias. Ademais, os proxectos de reindustrialización non están consolidados nin teñen carga presupuestaria polo de agora, son fume.

Negociacións do Goberno

A subdelegada do Goberno na Coruña, Pilar López-Rioboo, mantivo unha reunión co director xeneral territorial da zona norte de Endesa, Miguel Temboury Molina.

Un dos puntos analizados na reunión foi precisamente o número de traballadores pertencentes ás empresas auxiliares que poden estar afectados polo peche da planta xa que existe diferenza neste sentido entre os representantes sindicais e Endesa. De feito, a subdelegada do Goberno trasladou as inquietudes manifestadas polos traballadores, aínda que o director xeneral territorial remitiuse aos datos facilitados polas propias empresas auxiliares á hora de cuantificar o número de posibles afectados.

Miguel Temboury explicou tamén a Pilar López-Rioboo a situación das

probas de co-combustión que se están realizando na actualidade á vez que detallou a grandes liñas o plan de futuro previsto por Endesa, que destacou que prevé priorizar o emprego dos traballadores das empresas auxiliares, incidindo así mesmo nos plans de formación, os plans ambientais e os proxectos de futuro para a zona, para os que require novo chan industrial, en cuxa consecución está a traballar conxuntamente co Concello das Pontes e a Xunta de Galicia.

A subdelegada reuniuse en días pasados cos representantes sindicais das empresas auxiliares das Pontes, integrados na Coordinadora da Industria, con quen se comprometeu a trasladar as súas demandas ao Ministerio de Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

Alegacións do Concello

O Concello presentou alegacións ao proxecto de avaliación ambiental para o desmantelamento da central térmica das Pontes presentado por Endesa ao Ministerio de Transición Ecolóxica.

O documento recolle os aspectos do proxecto cos que difire o Concello e esixe que a avaliación ambiental do plan de desmantelamento da central sexa autorizado a través dun procedemento simplificado.

Nese sentido, Ana Pena, responsable de Industria sinala que “o plan presentado por Endesa desvirtúa e alixeira o impacto que o peche da central térmica ten sobre o noso municipio e a comarca. Falamos dunha central que supera os 300 megawattios, que ten un impacto non só laboral senón económico que se pode cifrar entre 1.000 e 1.400 postos de traballo directos

e indirectos, que se cifra en case 7 millóns de euros de recadación nas arcas municipais, e que pode rondar algo máis de 25 millóns de xeración de economía anual para As Pontes e a contorna e Endesa non presenta datos que cuantifiquen as consecuencias do plan de desmantelamento que presente”. Por outra banda, o informe recolle todas aquelas circunstancias que desde o Concello consideran que xustifican que se teña que seguir un procedemento ordinario e non simplificado que garanta, “un seguimento exhaustivo do proxecto de desmantelamento e, sobre todo que garanta e propoña alternativas para a socioeconomía da zona, unhas alternativas que no plan que presenta Endesa non se expoñen e que nós si expoñemos no noso informe”.



Rematan as obras en Espiñaredo e empezan en Antonio Machado

O Concello das Pontes deu por finalizadas as obras de mellora do sistema de saneamento en Espiñaredo, unha actuación que permitirá evitar os verquidos superficiais. Os traballos, cun orzamento de 42.500 euros, de fondos municipais, consistiron na execución da prolongación do colector conectado ao pozo existente, cruzando o vial AC-110, para o que foi preciso realizar unha perforación horizontal dirixida desde o pozo de rexisto de entrada ata unha fosa séptica. Esta conta con dous compartimentos nos que se producirá a decantación de sólidos e a separación de espumas e graxas, e o tratamento bactericida encargado de metabolizar a materia orgánica.

ANTONIO MACHADO. Por outra banda, se iniciaron as obras de mellora dun tramo do saneamento da rúa Antonio Machado, na súa marxe impar. O proxecto, cun orzamento de 41.935 euros, con cargo ao Fondo de Compensación Ambiental, permitirá a renovación da actual rede de saneamento, executada cunha tubaxe antiga de formigón que serve tanto para re-



Obras en Espiñaredo

coller augas fecais como pluviais, executándose unha rede con tubo de pvc. Entre os traballos previstos tamén se contempla a conexión das acometidas existentes, os sumidoiros e as baixantes dos edificios á nova canalización e ademais executaranse pozos de rexistros de formigón, con cuberta de fundición axeitada para o tráfico pesado.

A rede proxectada tamén se conectará no final a un pozo existente na intersección coa rúa Rego do Campo. Ademais, xunto coas obras de instalación da nova rede de sa-

neamento, levaranse a cabo traballos de repavimentación nas zonas afectadas.

SERVIZOS NO LAGO. O Concello iniciou os traballos de dotación de servizos públicos na praia do Lago, un proxecto financiado pola Deputación da Coruña. O proxecto, executado por unha empresa local e cun orzamento de 139.928 euros, consiste na instalación de catro módulos prefabricados, de 14,75 metros cadrados cada un, dous dedicados a baños e ducha e dous a kiosko-bar e dúas plataformas con ducha para, deste xeito, avanzar no acondicionamento integral do lago.

Os outros dous módulos replazarán aos kioscos existentes e está previsto que o Concello saque a concurso público a concesión da explotación do servizo.

Estas actuacións súmanse ás xa executadas entre as que destacan a creación dunha rede de electricidade, de saneamento así como de abastecemento de auga para dar servizo aos módulos prefabricados e ao conxunto da praia do lago das Pontes.

Seitura22 pide a Patrimonio que catalogue elementos do Camiño dos Arrieiros nas Pontes

A Asociación Seitura22 vén de presentar ante a Dirección Xeral de Patrimonio a solicitude do inicio dos procedementos necesarios para a inclusión de 15 elementos patrimoniais non catalogados no inventario de bens culturais da Xunta de Galicia correspondente ao Camiño dos Arrieiros.

O Camiño dos Arrieiros, tamén denominado Camiño das Antiguas, Camiño Grande ou Camiño Vello, é unha vía de comunicación que funcionou secularmente como eixo vertebrador entre as bisbarras do Eume e Ortegá e transcurre polos concellos das Pontes, Ortigueira e Mañón. As súas orixes remóntanse á Antigüidade, dado que ao longo dos seus case 50 quilómetros transcorre entre túmulos prehistóricos en todo o seu percorrido, e varios asentamentos da Idade do Ferro, de época romana, tardo romana e medieval. Esta solicitude xurde do traballo de investigación promovido pola Asociación Seitura22 e levado a cabo pola empresa Cultureume, coa colaboración de diferentes asociacións do Territorio, no que se crearon diferentes bases de datos entre as que se atopan un inventario dos



Vista do Camiño dos Arrieiros

diferentes elementos patrimoniais que existen no Territorio e a compilación da bibliografía existente sobre o Camiño.

O estudo, rematado en setembro de 2019, fixo posible identificar estes 15 elementos non catalogados, ademais do Castro do Preguntoiro e está a disposición de todas as persoas interesadas na páxina web da Asociación Seitura22, podendo identificar e xeocalizar todos os elementos patrimoniais e consultar as diferentes publicacións existentes sobre o Camiño.

concellodefriol.es

Un Paseo por el Corazón Verde de Galicia

CONCELLO DE **FRIOL**

CAMINO DE SANTIAGO · PATRIMONIO MEDIEVAL, MEGALÍTICO Y NATURAL · TIERRAS DE QUESO Y PAN

As Pontes estreou un programa moi variado de actividades culturais

O Concello desenvolverá durante os meses de outubro e novembro unha programación cultural dentro do auditorio Alovi orientada ao outono. Esta comezou co Festival de Rondallas e continuará o seguinte venres, día 9, coa representación *A compañeira de piso*, de Contraproducións Teatro, que se desenvolverá a partir das 21.00 horas.

O teatro terá unha nova cita o 16, ás 21.00 horas co Teatro do Noroeste, que representará *As virxes salvaxes*. Tamén o 23 Producións Teatrais Excéntricas porá en escea *Medida x medida de Sakespeare*.

O día 30 de outubro será tempo de cine con *Despois das ondas*, de Butaca Zero, un filme feito en directo. O domingo 1 de novembro será tempo de música con Gallaecia All



Stars, dúas horas de música misturadas con moito humor, unha viaxe aos tempos das Big Bands.

O teatro volverá facer aparición o 6 de novembro, tamén ás 21.00 horas

co *Da avaricia, a luxuria e a morte*, unha adaptación dunha obra de Valle-Inclán a cargo de Teatro do Noroeste. A programación rematará o 14 de novembro coa actuación de Carmen Boza con *La caja negra*. As entradas están á venda na plataforma tickentradas.com ou no teléfono 902 750754. Para o teatro a taquilla estará aberta só os días do espectáculo unha hora e media antes do comezo do mesmo e pechará 5 minutos antes do inicio da función. Para as de cine abrirán 30 min antes do comezo do mesmo e pecharán tamén 5 minutos antes do inicio da proxección.

Será obrigatorio o uso de máscara e desinfeccións de mans. A entrada e saída das instalacións será gradual con distancia de seguridade.

Comezan as Xornadas de Exaltación do Queixo e do Mel de Goente

As Pontes acolle as Xornadas de exaltación do Queixo e Mel de Goente o 10 e 11 de outubro.

Na xornada do sábado 10 ás 10.30 horas terá lugar unha charla sobre *Cría de raíñas para mater in fondo xenético*. Ás 15.30 horas haberá outra sobre o *Control da vespa velutina*, ambas estarán a cargo de Koldo Belasko, apicultor vasco profesional. Xa ás 18 horas farase a entrega dos premios do concurso de cata Casa do Mel.


O domingo 11 ás 11 horas a aula de produtos lácteos e tecnoloxía alimentaria-USC fará un coloquio sobre a *Situación do sector lácteo e servizos que ofrece a Aplata*. E por último ás 12.30 horas será a cata de queixos DOP galegas, que contará cun aforo de 50 persoas. Estas charlas enmárcanse dentro das Xornadas Apícolas do Eume, que se celebrarán do 7 ao 10 de outubro.

Estas xornadas apícolas contan con actividades como unha cata de meles (e diploma de recoñecemento aos mellores, nas categorías claro e escuro), charlas sobre a importancia do castiñeiro como especie melífera e ademais a asemblea xeral da asociación Casa do Mel.

Cohempo e Concello impulsan o comercio cunha campaña

O Concello e a Asociación de Comerciantes, Hostaleiros e Empresarios (Cohempo) poñen en marcha a campaña de dinamización comercial e hostaleira, *Próxima Estación: Outonía. Petisca e merca nas Pontes*. O obxectivo é ofrecerlle ao tecido comercial e hostaleiro unha nova ferramenta que lle permita incrementar as súas vendas, atraer nova clientela, fidelizar aos compradores e compradoras habituais así como abrir novas vías de comercialización e, ao mesmo

tempo, promocionar os produtos locais e de tempada e dinamizar e incentivar a economía local. A campaña celebrarase entre o 29 de outubro e 1 de novembro e durante catro días os establecementos comerciais ofrecerán descontos especiais e promocións e os locais de hostalería servirán tipos de petiscos onde os fungos e os cogomelos serán os principais ingredientes. Entre todas as persoas que participen realizarase un sorteo de vales trocables nos comercios.



TRES RÍOS. A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade está a desenvolver traballos de conservación e limpeza nos treitos interurbanos dos ríos Brixio, Eume e Chamoselo. Os traballos execútanse ao longo duns 5,6 quilómetros de lonxitude, coincidindo co seu percorrido por distintos lugares das parroquias de Vilavella (Santa María), As Pontes de García Rodríguez (Santa María) e O Aparral (Santa María).

Abre a nova circunvalación



A Xunta puxo xa en servizo a nova circunvalación das Pontes, que permite reordenar a rede viaria e mellorar a mobilidade na contorna ao restablecerse o tráfico pola nova estrada a conexión entre a AC-101 e a AC-861.

A intervención está practicamente finalizada, restando só remates nas glorietas e nas sendas máis próximas ao río, que se prevén acabar entre outubro e novembro.

O proxecto, cun investimento de máis de 2,9 millóns de euros financiado por Endesa Generación S.A, foi acometido pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

Estas obras, que comezaron en xaneiro de 2019, consistiron na construción dunha nova vía de acceso ao núcleo que funciona como circunvalación, separando a área industrial da residencial e mantendo a conexión coa AG-64.

Aprobada en Pleno a ordenanza de accesibilidade universal

O Pleno aprobou, por unanimidade, a proposta inicial da ordenanza reguladora para a concesión do dereito de ocupación temporal do chan público para facilitar a accesibilidade universal para persoas con mobilidade reducida aos edificios.

Trátase dun regulamento urbanístico que permitirá potenciar a accesibilidade a través da construción de rampas móbiles ou elevadores, naqueles espazos que por cuestións técnicas ou económicas nos que non sexa posible garantir a accesibilidade universal doutra forma.

A ordenanza reguladora permitirá a ocupación de parte do dominio público, de forma temporal, para establecer elementos externos ao edificio que permitan garantir a accesibilidade universal.

Así mesmo establece as condicións necesarias para a concesión do dereito de ocupación do solo público de xeito que se concederá cando non resulte viable ningunha outra solución, cando a solución presentada esté integrada visualmente na fachada do edificio, se asegure a funcionalidade dos espazos libres, redes, infraestruturas e servizos urbanos e se garantice o cumprimento de todo o establecido na normativa vixente en materia de accesibilidade, entre outros aspectos.

Para poder solicitar esta concesión será necesario presentar un estudo previo que defina as actuacións a realizar na edificación así como das correspondentes á vía pública, que deberá ser presentado pola propiedade do inmovible.

Esta norma será de aplicación nos edificios e establecementos, tanto de uso público como privado, así como en edificios de vivendas pluri-familiares, sempre e cando non sexa posible resolver a accesibilidade no seu interior ou a través do espazo exterior sen ocupar a vía pública.

Trala aprobación polo Pleno municipal abrirase un prazo de información pública.

OUTROS ASUNTOS. Por outra banda, o Pleno tamén aprobou por unanimidade que os festivos locais para o ano 2021 sexan os días 16 de febreiro, martes de Entroido, e o 19 de xullo, luns das Festas do Carme.

No capítulo de mocións, aprobouse un texto conxunto de PSOE e BNG, sen o respaldo do PP para solicitar que a Xunta de Galicia dote dos recursos económicos e humanos necesarios aos concellos, anpas e centros educativos para aplicar o protocolo sanitario de regreso ás aulas; se intensifique o servizo de limpeza e as medidas que garantan a seguridade do alumnado.

O gato con botas
zapatería
C/ Plácida Peña, 8 - Baño
27800 Vilalba (Lugo)
Telf. 982516550

José Seoane Álvarez - Servicios Agrícolas
Transformaciones agrarias
Desbroces y plantaciones de montes
Servicio de podas
San Lorenzo de Árbol, 13. 27800 Vilalba. Tels.: 608 306 746 - 679 955 138

SERVICIOS AGROFORESTALES SEOANE
SERVICIOS AGROFORESTALES
SEOANE

PROGRAMACIÓN CULTURAL

setembro
outubro
novembro

#a Cultura é segura

25 setembro 20.00h.
PINOCÚS
Comedia musical
Para toda a familia

3 outubro 20.00h.
A MAXIA DO MAGO RAFA

10 outubro 20.00h.
REBOIRAS
Acción e corazón
Longametraxe de
Alberto Mera

16 outubro 20.30h.
DEP
Unha comedia de morte
Malasombra Teatro

17 outubro 20.00h.
BORJA QUIZA
Barítono
A emigración galega.
cancións de ida e volta

23 outubro 21.00h.
PELEPAU
Percusión galega

24 outubro 20.00h.
LEIRA
Terra e danza
Nova Galega de Danza

30 outubro 20.00h.
CERTAME LITERARIO
Presentación do libro
de Miguel Barrera.
Poema das Aves

31 outubro 20.30h.
SÉS
Liberar as arterias

6 novembro 20.30h.
ROSALÍA.
o lugar onde medran as poetas

7 novembro 20.00
DESPOIS DAS ONDAS
Cine, teatro e música sobre
a vida de María Casares

13 novembro 20.30h.
TANXUGUEIRAS
Contrapunto

14 novembro 20.30h.
A CONQUISTA DA ESCOLA DE MADHUBAI
Hélène Cixous / Referencia do feminismo indio
Teatro do Atlántico

20 novembro 20.30h.
CINCO MINUTOS SEN RESPIRAR
Itaca teatro
Cultura no Camiño

21 novembro 20.00
CONCERTO DA BANDA DE MÚSICA DE VILALBA
Santa Icia

27 novembro 20.30h.
DUOBITATIO
Recital de música de cámara a cargo de
Antonio Viñuales Pérez e Rosalia Gómez Lasheras

28 novembro 20.00h.
LA TROVA CORUÑESA
Boleros, salsa, jazz e son cubano

#a Cultura é un dereito

2 0 2 0

Usa sempre mascarilla

No acceso aos recintos atoparás dispensadores de xel

Mantén a distancia de seguridade (1.5m)

Se tes síntomas de malestar, tose ou febre, queda na casa e chama aos servizos sanitarios

Todas as actividades son de balde

Apertura de portas 30 minutos antes do inicio de cada actividade

Podes reservar a túa entrada a través da web: www.entradasvilalba.es ou Casa de Cultura. Podes retirar un máximo de dúas entradas por espectáculo

Os aforos serán numerados, inhabilitando as butacas que non se ocupen. A taquilla do Auditorio Municipal abrirá unha hora antes de cada función, e habilitarase a venda de entradas no caso de quedar dispoñibles, ata completar o aforo

#culturasegura

 **Concello de Vilalba**

CONCELLO DE VILALBA

ENQUISA DE MOBILIDADE

acceso a través do código QR >>>




ESTUDO DE MOBILIDADE E ESPAZO PÚBLICO

ESTAMOS A REALIZAR AS ENQUISAS PARA O ESTUDO DE MOBILIDADE E ESPAZO PÚBLICO (EME)

Pódenos axudar cubrindo a enquisa on-line que atopará na seguinte páxina:

<https://www.cognitofoms.com/PlanificacionTEC/EMEVILALBA>

moitas grazas!



Xermade prepara a nova tempada de cursos 2020/2021

O Concello de Xermade prepara a nova tempada de cursos 2020/2021 que inclúe unha ampla variedade de actividades que serán de novembro a maio.

Así, o curso de faíno ti mesmo ten un prezo de 42 euros, e impartirase na Escola do Calvario de Cazás os luns de 21 a 23 horas e dará comezo o 2 de novembro. Na Casa Escola de Miraz será os venres de 16 a 18 horas e comezará o día 6, e no Campo de Roupar, os sábados en horario de 16 a 18 horas e comezará o día 7 de novembro. O obradoiro de costura impartirase na Criba de Roupar o segundo e cuarto sábado de mes en horario de 16.30 a 19.30 e dará comezo o 14 de novembro. Tamén terá un prezo de 42 euros.

Xa por último, o curso de xabóns cosméticos e cremas será na Casa Escola de Candamil os sábados 7 e 14 de novembro de 16 a 18 horas. Este obradoiro ten un prezo de 15 euros. As inscricións poden facerse do 14 ao 23 de outubro e a admisión será por orde de rexistro e para máis información haberá que cha-



mar ao teléfono 982 50 10 02.

DÍA DA MULLER RURAL. O Concello de Xermade celebrará durante case unha semana o día da Muller Rural, que dará comezo o 15 de outubro.

Así, o xoves haberá obradoiros rurais, o venres 16 poderase desfrutar dunha charla na Escola Habanera sobre *Habilidades sociais*, esta será en horario de 20 a 22 horas; e o sábado 17 será a quenda da xornada *Empoderamento feminino*, de 12 a 14 horas no edificio do antigo sindi-

cato de Xermade.

Xa a seguinte fin de semana, será a charla *Vivir en positivo*, que dará comezo o venres 23 de 20 a 22 horas na escola de San Xulián en Cazás e o sábado 24 haberá outra sobre *Autoconhecimento* en horario de 12 a 14 horas na casa escola de Cabreiros.

As persoas interesadas en participar nestes actos deberán facer previa inscrición chamando ao teléfono 982 50 10 02 e ademais contará con aforo limitado para garantir as medidas sanitarias.

Comeza a Invernada de Cine de Cabreiros co aforo restrinxido

A VIII Invernada de Cine de Cabreiros arrincará o día 24 de outubro e dilatarase ata o 19 de decembro para así dinamizar un ano máis o audiovisual e o rural galego.

Este ano serán na Casa Escola de Cabreiros, e a edición comezará o día 24 de outubro ás 18.30 horas, co documental *O empalme. Unha historia rural colectiva*. Neste documental pode contemplarse como era o xeito de vida de hai 50 anos dun barrio claramente rural. Estre os aspectos destacables encóntrase o desenvolvemento das actividades agrarias, as profesións de moitos dos seus veciños e as actividades lúdicas comúns no seu vivir diario como a súa íntima relación coa vida laboral e familiar. O 7 de novembro ás 18.30 verase *O latexo do tempo humano*. É un

documental sobre as comunidades da Idade do Ferro. Este relato nace a partir do estudo das pezas de madeira carbonizadas do Castro de Castro-maior en Portomarín realizado por María Martín Seijo. A visión aportada por Lolo de Severiano, Tito Ledo e Lola Tourón sobre as pezas arqueolóxicas e o traballo artesán é unha valiosa aportación á conservación do patrimonio inmaterial.

A programación continuará os días 21 de novembro e o 5 e 12 de decembro. Dende a organización lembran que haberá aforo limitado para poder garantir as medidas de seguridade e sanitarias, e que para acudir será necesario reservar praza ata unha semana antes de cada unha das proxeccións chamando aos teléfonos 686 104 780 ou 606 282 251.

A Uned Sénior gaña espazo índose ás naves de Momán

A Uned Sénior vaise da escola unitaria ás naves do campo da feira de Momán para gañar o espazo necesario e poder manter as distancias de seguridade, segundo informou o coordinador da entidade na Terra Chá, Luis Rodríguez Patiño.

A institución adaptou a docencia tamén para os estudantes maiores de 55 anos, con cambio de localización e redución de alumnado por materias. Para tratar de facilitar ao

alumnado e ao profesorado a adaptación a este novo escenario, se reestruturaron os horarios das clases, de modo que as materias de dúas horas semanais impartíranse o mesmo día e restrinxíuse o número de persoas por aula.

Ademais, como novidade este curso, ofertaranse algunhas das materias do programa en formato on line a través das plataformas virtuais da Uned.

O PSOE esixe á Xunta que desbloquee a mellora da vía de Cabreiros a Momán

A parlamentaria socialista Patricia Otero esixiulle á Xunta que desbloquee a mellora da seguridade na estrada autonómica LU-170 que une Cabreiros e Momán.

Otero alerta de que o firme atópase nun “estado deplorable e perigoso, co firme deteriorado, curvas de difícil trazado e ancho insuficiente” ata o punto de que resulta “imposible que se crucen ao tempo un vehículo e un camión pequenos”. Sinalou que “ademais de perigoso, a falla no arranxo ten paralizado o polígono industrial da localidade, ao que

non poden acceder os transportes especiais, dificultando o desenvolvemento de Xermade”.

A responsable socialista criticou que o gGoberno galego puxera como excusa a falla de intensidade do tráfico na vía, o que está provocado “polas condicións deficientes nas que se atopa a vía”. Salientou a evidencia de que non exista circulación ao Polígono porque simplemente non pode circular polo vial, Sinalou que os veciños “prefiren ir a As Pontes por outras estradas máis longas”.

Patricia Otero acusou ao Goberno galego de incumplir o seu compromiso, publicado no DOG en 2011, que incluía a mellora de interseccións, reforzo do firme, novos cambios de sentido e unha nova glorieta entre a LU-170 coa LU-2205 a Miraz e a LU-2213 co parque empresarial de Xermade. Un compromiso que, sinalou, foi reiterado en 2015, “outro ano previo a eleccións autonómicas”, co anuncio de melloras na estrada e que “quedou tamén nunha nova promesa incumplida”.

O PP critica ao Concello por non reparar as fugas da traída e pola recollida dos contedores

O Grupo Municipal do PP lametou que “o Goberno recomende aos veciños facer un uso racional da auga da traída municipal mentres estivo máis de 15 días sen reparar unha fuga na rede de abastecemento”. Se ben entenden a recomendación de absterse de facer un uso desproporcionado da auga, sobre todo en actividades relacionadas con grandes consumos; os populares critican a “falta de coherencia” por parte do goberno do PSOE que “ante unha rotura na parroquia de Roupar nin actúa nin da orde de reparación”. Por outra banda, critican que “non se está a retirar o lixo dos contedo-

res amarelos dende fai máis dun mes, precisamente o ano no que o goberno local incrementou a taxa municipal pola recollida do lixo”. Os populares indican que “é moi visible a acumulación de residuos nos contedores de envases de plásticos, latas e briks situados nos núcleos de Xermade e Roupar” o que evidencia “que fai tempo que non se realiza a recollida periódica destes residuos”. Así mesmo, engaden que “incluso os residuos destes contedores acaban no contedor verde ou se dispersan polo entorno por mor da chuva e do vento ofrecendo unha mala imaxe da zona”.



friol

Aprobada unha ordenanza para controlar a actividade madeireira

O Concello de Friol, que dirixe José Ángel Santos, vén de aprobar unha ordenanza para controlar as extractivas de madeira e poder evitar así que as vías municipais se vexan deterioradas por este motivo.

O sector forestal e a actividade madeireira con ela asociada constitúe un sector económico moi relevante no municipio de Friol, tanto pola súa extensión como polo que supón para a sostibilidade económica dos veciños e veciñas.

A explotación forestal do monte e, concretamente, as actividades de saca, depósito e transporte da madeira que se corta, polas que se utilizan vías de titularidade municipal, supón un uso do dominio público dunha intensidade que, en moitos casos, impide o uso normal en xeral por parte do resto dos usuarios e usuarias das mesmas debido o gran deterioro que producen no firme da rede viaria as actividades derivadas da corta e

saca da madeira.

Estes danos producidos por este motivo nas vías municipais supoñen un gran incremento nos orzamentos que o Concello debe destinar para o mantemento en bo estado das mesmas, para que así toda a veciñanza poida facer uso delas, para os traballos agrícolas, gandeiros, ou o que precisen.

Entre as normas establecidas por esta ordenanza, destaca a existencia de licenza municipal para o uso especial regulado e a existencia da prestación dunha garantía que cubra preventivamente o risco de deterioro especialmente importante polos gastos que supón a restauración da vía afectada á situación en que se atopaba antes dos depósitos, arrastres e transportes autorizados. Esta garantía irá dende os 750 euros aos 7.000 euros, dependendo do volume de corta.

O alcalde asegura que con esta ordenanza a empresa madeireira será

única responsable directa de todos os danos e prexuízos a persoas e bens que se produzan ou ocasionen con motivo do depósito e saca, depósito e transporte da madeira, debendo reparar o dano causado. O Concello velará para que as operacións de saca de madeira, non ocasionen danos nas vías públicas municipais e estas queden en axeitado estado de conservación, limpeza e seguridade.

De non quedar en bo estado, a empresa estará obrigada a asumir os custos da reparación dos estragos producidos nas vías, estruturas anexas ou noutros elementos do dominio público local. A obriga de limpeza deberá cumprirse todos os días ao final da xornada.

As infraccións desta Ordenanza serán sancionadas con multas económicas, que irán dende os 300 euros ata os 5.000 euros, tendo en conta se é unha infracción leve, grave, ou moi grave.

O colexio local estrea unha pequena pista de atletismo no patio de xogo

O colexio de Friol estreou este curso unhas pequenas pistas de atletismo nas que os pequenos poden xogar durante os tempos de descanso.

Esta iniciativa partiu dos pais e foi o Concello o que de seguido se puxo mans á obra para o seu pintado. Estas estiveron xa listas ao comezo do curso escolar.

Trátase dunha motivación máis para os pequenos deste municipio que conta xa cun club de atletismo relevante e que ven colleitando moitos éxitos nos últimos anos.



A nova pista pintada no patio do colexio de Friol



CURSO GDR. O GDR4 celebrou unha conferencia sobre a situación actual das propiedades forestais e o futuro dos montes. Abordaron diversos temas como a xestión da propiedade forestal, os instrumentos de planificación e xestión, as súas particularidades e obrigacións dos propietarios, así como as formas de deseño de sistemas agroforestais.

A ITV móbil agrícola estará en Friol o vindeiro mes

O Concello de Friol vén de informar de que dende do día 20 de novembro ata o 7 de decembro a ITV móbil agrícola pasará polo Concello para as inspeccións.

Estará ubicada no mercado gandeiro e para participar é necesario coller cita no teléfono 902 30 90 00 ou a través da páxina web www.sycitv.com, onde se informará dos horarios.

Inmobiliaria JRoca
ROCA ABOGADOS

Grupo As Fontiñas 2, Vilalba
Piso | 4 Dorm | 1 Baño | 100m² **45.000€**
En la localidad de Vilalba (Lugo), a 30 minutos de Lugo y Ferrol y a 45 minutos de A Coruña y la costa lucense se vende piso de 4 dormitorios y sala, un baño y cocina. Se trata de un piso cuarto sin ascensor, dispone de calefacción de gas ciudad y se encuentra muy cerca de los colegios.

Foz 20-22, Vilalba
Nave | 1.718m² **210.000€**
En Vilalba (Lugo), se vende nave de tres plantas con una superficie total de 1.718 metros cuadrados. La nave dispone de montacargas y en ella se permite todos los usos comerciales.

Mato Vizoso 6, Vilalba
Edificio residencial | 183m² **120.000€**
En la localidad de Vilalba (Lugo), se vende casa unifamiliar formada por planta baja, dos plantas y bajo cubierta, en la que hay tres dormitorios, un baño y un aseo, sala y cocina. A su vez, en la planta baja tiene dos dependencias amplias que se les puede dar distintos usos. La vivienda se encuentra en las proximidades de la torre de Vilalba.

Plaza de San Juan 8, Vilalba
Edificio de uso mixto | 216m² **120.000€**
En la localidad de Vilalba (Lugo), a 30 minutos de Lugo y de Ferrol, a 45 de A Coruña y de la costa lucense, se vende casa del año 1900, reformada y adaptada a la época actual, aunque conservando la esencia de aquella época. La casa tiene en la planta baja un espacio que puede dedicarse a montar algún negocio y en las plantas superiores tiene tres dormitorios, sala, cocina, un baño y una dependencia para lavado planchado.

Puente Campo 23, Vilalba
Piso | 4 Dorm | 2 Baños | 120m² **115.000€**
En la localidad de Vilalba (Lugo), se vende piso de 4 habitaciones y sala, dos baños y cocina. Tiene un trastero en el bajo cubierta y dos plazas de garaje en el sótano. Se trata de un piso cuarto, dando a la calle y orientado al sur. La calefacción es de gas ciudad.

Calle Cidade de Lugo 32, Vilalba
Casa / Chalet independiente | 4 Dorm | 4 Baños | 449m² **440.000€**
En la localidad de Vilalba (Lugo), se vende chalet independiente, en el que hay siete habitaciones, 3 baños y un aseo, salón de 45 metros, un despacho, una sala de estar y la cocina. La casa dispone de un garaje amplio, sala de lavandería, bodega y un desván. Tiene calefacción de gas ciudad. A mayores la parcela donde se ubica tiene una parte edificable, donde se pueden dar 4 alturas y ático y ello sin que se vea afectado el chalet.

Campo de Arriba, Begonte
Casa rural | 3 Dorm | 2 Baños | 200m² **170.000€**
Se vende casa de 70 metros cuadrados por planta, con un alpendre de 90 metros y una palleira de 67 metros. Tiene una finca de 13.000 metros, de los cuales una buena parte está plantada a pinos y otra parte a frutales. La casa está situada a unos 200 metros de la capilla de los Milagros, en la parroquia de Saavedra. La cual, a su vez, está a unos 5 km de la A-6.

Calvario 52, Vilalba
Piso | 4 Dorm | 2 Baños | 140m² **100.000€**
En la localidad de Vilalba (Lugo), se vende piso de 4 dormitorios y sala, dos baños y trastero. Se trata de una vivienda muy luminosa y que dispone de calefacción individual. Está a 30 minutos de Lugo y Ferrol y a 45 de A Coruña y de la costa de Lugo.

Lanzos - Carreiroa s/n, Vilalba
Casa rural | 4 Dorm | 1 Baño | 180m² **150.000€**
En la parroquia de Lanzos, municipio de Vilalba (Lugo), se vende casa unifamiliar, independiente, fachada en piedra, con un pajar o garaje de unos 74 metros en construcción separada y con una finca de unos 8.000 metros cuadrados.

C-641 4, Vilalba
Terreno / Urbano (solar) | 2.000m² **140.000€**
En la localidad de Vilalba (Lugo), se vende parcela de unos 2.000 metros, que se encuentra en el núcleo rural de Muíños, (salida de Vilalba hacia Lugo). La parcela mínima edificable son 500 metros. Por tanto, caben distintas posibilidades de segregación. La finca en su viento Este tiene una construcción de unos 35 metros.

Inmobiliaria JRoca C/de los Pepes 1 - 27800 Vilalba, Lugo Tel.: 600 828 720

ROCA ABOGADOS

Francisco Javier Roca Edreira • María Dolores Prado Rouco
Matrimonial - Herencias - Tráfico - Inmuebles
Comunidades - Penal
Roca Abogados Carril de Catesol, 1 - 1ªA, Lugo Tel.: 982 230 337 - 600 828 720
www.rocabogados.info

Convocadas prazas para policía local e servizos sociais

O Concello de Guitiriz vén de convocar unha plaza de policía local coa publicación das bases da convocatoria para a provisión duha praza de funcionario mediante concurso en quenda de mobilidade en execución da OEP complementaria 2020, entre funcionarios doutros Corpos de Policía Local da Comunidade Autónoma de Galicia. As solicitudes para tomar parte no proceso selectivo faranse mediante instancia dirixida á alcaldesa a través do Reixistro Xeral do Concello, presentando a documentación complementaria solicitada e os méritos alegados.

Ao ser este procedemento de concurso de méritos o único procedemento empregado, a puntuación final de cada aspirante consistirá na suma das cualificacións dos méritos totais, sen limitación, adxudicándose a praza ofertada, ó/a aspirante con puntuación máis alta.

TÉCNICOS DE SERVIZOS SOCIAIS.

O Concello tamén abriu o proceso para a contratación de catro técnicos de servizos sociais como persoal laboral fixo.

O sistema de selección para as prazas de 2 técnicos para o PAI e 1 traballador social para o SAF será o de concurso-oposición. O sistema de selección para a praza de terapeuta ocupacional do centro de día será o de oposición.

Para todas as prazas ademais dos requisitos habituais pídese titulación acordo co posto que se vai desempregar.

Os interesados en participar no proceso selectivo deberán entregar a documentación que se require para cada un antes de mediados do mes de outubro xa que dispoñen de 20 días hábiles trala súa publicación no BOE. As instancias será presentadas no Rexistro Xeral do Concello de Guitiriz.

O Concello aproba en Pleno a conta xeral do exercicio económico 2019

O pleno ordinario do Concello de Guitiriz aprobou a Conta Xeral do pasado ano grazas aos votos favorables do grupo de goberno. Abstivéronse os grupos municipais popular e nacionalista. Ademais, aprobouse a modificación de crédito para a renovación das instalacións do alumeado en Guitiriz e Parga, que contou coa unanimidade de todos os grupos ao igual que a depuración de saldos contables de orzamentos pechados. Tamén, a modificación do réxime de adicacións dos concelleiros do equipo de goberno grazas aos votos do grupo de goberno, a abstención do BNG e os votos en contra do PP. Na quenda das mocións, foi aprobada a presentada polo BNG, para a adaptación do protocolo da covid-19 nos centros de ensino de Parga e



Un momento do Pleno, realizado de forma telemática

Guitiriz cos votos a favor de PSOE e BNG e a abstención do PP. A moción do Grupo de Goberno sobre a dotación de persoal do centro de saúde de Parga, unha vez aprobadas as dúas enmendas, foi aprobada por unanimidade.

Ademais, o grupo de goberno presentou de urxencia unha moción para presentarlle por escrito á Consellería de Educación a petición das anpas para reclamarlle maior cobertura de servizos en materia de saúde. Foi aprobada por unanimidade.

Emplearán unha subvención do IDAE para mellorar a ETAP

O Concello de Guitiriz conseguiu unha subvención por parte do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) para mellorar a eficiencia enerxética na Estación de Tratamento de Auga Potable (ETAP) por valor de 261.920,28 euros. Conseguírase, grazas a isto, un aforro enerxético dun 32%.

Desde o Goberno local retomáranse as negociacións coa Xunta de Galicia para que asuma o restante deste proxecto, que ascende a un total de 327.400,35 euros.

Entre as intervencións a realizar na instalación destacan a do subministro de auga bruta mediante un control automático do caudal; a reposición da instalación de auga filtrada; a substitución do sistema

de circulación; a substitución no sistema de filtrado; a substitución do sistema de dosificación de reactivos; o recambio dos motores de bombeo por outros con regulación electrónica e a actualización do sistema de automatización de proceso.

A alcaldesa de Guitiriz, Marisol Morandeira, destaca esta obra como 'realmente necesaria, e que ademais permitirá ao Concello un considerable aforro nas facturas', indicou a rexedora. 'Xa nos reunimos coa Xunta de Galicia, e así o temos previsto na axenda, para contemplar a posibilidade de que sexa a administración autonómica quen se faiga cargo do resto do proxecto', finalizou a alcaldesa de Guitiriz.

O Concello de Guitiriz adicará máis de 190.000 euros ao arranxo de camiños, nuns traballos que comezarán este mesmo outubro.

As intervencións estarán centradas en 5 actuacións, con cargo ao Plan Único 2020. A primeira, que conta cun orzamento total de 34.382,85 euros, estará centrada nas parroquias de Roca, no acceso no lugar de Roca; en Trasparga, no acceso dende Vilanova a Mesón da Cabra; en Sambreixo, no acceso a Pitero; en Pígaro, no acceso a Ferreira; en Parga, no acceso na Pobra de Parga e en San Salvador, no acceso de Bascuas.

Na segunda actuación, cunha partida de 20.970,74 euros, intervirase na parroquia de Lagostelle, nos accesos da rúa do Carme e Anta Dereita, no acceso e ramal a Sesulfre, a Pardiñas, a lugar de Perexil, na contorna da Igrexa de San Xoán e o seu cemiterio e na rúa das Costaneiras. Tamén no



Imaxe dun dos camiños que se arranxarán

acceso a Navallo, en Becín.

A terceira actuación, cun orzamento de 43.110,65 euros, actuarase nos accesos a Requeixo, Pontella e Vilarchán, na parroquia dos Vilares; no acceso a Pedreira, Corral Vello e Riotorto, na parroquia do Buriz e nos accesos a Xove Vello, Ameixeiras e A Marga, na parroquia de Labrada.

Dentro da cuarta actuación, na

que está previsto que se destinen 43.609,11 euros, interviranse os accesos en A Ombra, Pradieiro, Fracela e O Cando, no das Coutadas e A Viladónega, na parroquia de Mariz; e tamén nos accesos en Candedos e Grandón, en Negradas.

Por último, con 48.057,70 euros, modificarase o acceso o lugares de Xestoso e Rebordelo en Buriz.

A Anpa do Ceip Lagostelle non fará actividades extraescolares

Debido á pandemia da covid-19 e ás condicións impostas polo Protocolo Educativo da Xunta de Galicia a anpa do Ceip Lagostelle de Guitiriz comunicou que non organizará actividades extraescolares presenciais durante o curso 2020-2021, seguindo as recomendacións da Fapacel.

O que si haberá serán tres actividades en liña ás que poderán acceder unicamente para os nenos e nenas das familias socias. Serán as de xadrez, programación e robótica educativa e Let's Play.

Si dará comezo o programa Educando en Familia, que xa celebrou a primeira reunión na Casa Habanera.




FINALIZAN OBRA EN CALLE FOZ, 6
A 150 m da Praza da Constitución
Vivendas de 2 e 3 dormitorios

982 512 444 - 659 080 853 / www.folgueirasinversiones.com

Desexamos saúde e ánimo. Nunca choveu que non escampara!

O Pxom xa se pode consultar en liña trala súa publicación no BOP

O Concello de Guitiriz vén de dar acceso a todos os veciños ao novo Plan Xeral de Ordenación Municipal, que entrará en vigor estes días trala súa publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOP).

A partir de agora o Pxom será o que guíe aos veciños e veciñas e marque o desenvolvemento e o crecemento urbanístico da vila. Marisol Morandeira lembrou que “pouco a pouco, iremos presentando modificacións puntuais ao Plan que o farán máis completo e permitirán subsanar, dunha forma máis áxil, os aspectos nos que se atope desactualizado”. Desde o punto de vista do solo urbano, o Plan Xeral xerará novos espazos para o desenvolvemento directo en Guitiriz e Parga. Estes executaranse

a través do propio Pxom ou ben por medio de figuras interpostas como plans especiais co obxectivo de ir compactando os núcleos urbanos. Un dos elementos máis importantes que permitirá o documento é o recoñecemento dos núcleos. Pola tipoloxía do territorio foron lugares sumamente complicados de ordenar e, feito o traballo, agora poderán desenvolverse.

En canto ao parque empresarial, favorece a súa consolidación ampliando a superficie para que poida acoller novos proxectos. Para as zonas libres e verdes reserva 92.519 metros cadrados e, para equipamentos comunitarios, outros 49.820 metros. O Pxom supón o primeiro recoñecemento da súa singular estrutura

territorial, tan achegada á comarca da Terra Cha á que pertence, desde o mundo do planeamento. Pero as súas peculiaridades non están só no que se ve como a nova ordenación dos espazos urbanos das vilas de Guitiriz ou Parga ou a regulación complexa dun sistema de asentamentos tan espallados. Quizais a achega máis destacada do plan de Guitiriz estea no proceso, especialmente no que atinxe á colaboración activa dos cidadáns: este plan foi dos primeiros en implementar unha web participativa asociada a un sistema de información xeográfica en Galicia, instrumento aínda pouco usado no planeamento xeral, foi tamén dos primeiros en elaborar unha axenda 21 local asociada á súa tramitación.

Abre o prazo de matrícula na escola de música local

A Escola de Música Municipal abriu o prazo de matrícula para o curso 2020-2021, prazo que se pechará o día 9 de outubro. O proceso de matrícula realizarase no Concello.

As especialidades nas que se poden anotar os alumnos e alumnas son: vento madeira (clarinete, saxo, frauta traveseira), vento metal (trompeta, trombón, bombardino, tuba), percusión, guitarra, acordeón, piano, gaita e iniciación musical.

Para máis información ou ante calquera dúbida co pago ou o formulario pódese acudir ao Concello solicitando cita previa no 982 370 109 ou chamar á Escola de Música no 698 107 179.

A nave do Senpa acollerá no interior unha pista de pádel

O Concello de Guitiriz prepara o seu novo proxecto deportivo coa construción dunha pista de pádel no interior da nave do Senpa.

O proxecto financiarase cunha partida duns 100.000 euros procedentes dos fondos que lle corresponden ao Concello do Plan Único da Deputación do ano 2020.

A pista estará delimitada por un peche acristalado e tan só se poderá contar con unha xa que o longo da nave non permite construír dúas, así que nese espazo sobranse faranse os vestuarios que tamén levarán unha segunda altura para poder acoller

outras actividades.

De feito, unha parte do edificio xa se acondicionou previamente como vestiario para os operarios municipais e tamén se converteu na sede das clases da Escola Municipal de Música.

A construción da pista de pádel responde ao desexo do Concello de aproveitar as amplas instalacións do Senpa para usos sociais e deportivos.

Por outra banda, a alcaldesa de Guitiriz, Marisol Morandeira, comunicou que dependendo da disposición de fondo pretende construír unha nave no polígono industrial que sirva de garaxe municipal.

O Parga Rock celebrarase finalmente a finais de mes

Tras anunciar o programa do Parga Rock, os organizadores comunicaron que aprazaban esta edición debido ao incremento de casos de coronavirus que se estaban a dar na zona e tamén pola dificultade que supón en eventos así manter as distancias de seguridade. Estaba previsto para o 5 de setembro e contaba coa participación de Dark Embrace, Raze, Nuada, Gran Reserva e os Rastreros.

Pero anunciaron nova data de celebración, o día 31 de outubro, na que está previsto que actúe Nuada, a banda de rock en galego nada no 2015 tras reunións dun grupo de amigos de Teixeira que se xuntaban “para pasar o tempo”. Tamén poderase desfrutar de Reincidentes, o mítico grupo de rock español, formado en Sevilla e caracterizado por ter letras moi críticas coa sociedade actual.

Xa o domingo 1 de novembro haberá unha proxección sobre os XXV



anos do rock Bravú e unha foliada ao mediodía, tamén contarán cunha exposición fotográfica sobre a edición do Parga Rock que se poderá ver desde ese domingo 25 ata o 8 de novembro. Esta contará con artistas como Yoshimura Eye e Martín Pelletier e será nas instalacións do Bar O Recreo.

Dende a organización lembran que haberá control de aforo para poder garantir as normas sanitarias e tamén que poderase facer unha colaboración simbólica cunha rifa obrigatoria para a entrada.

Guitiriz recupera a atención psicolóxica na Casa Habanera

O Concello de Guitiriz recupera o servizo de atención psicolóxica. O horario de atención a aquelas persoas que precisen facer uso desta axuda será os luns e martes de 8.30 a 13.30 horas e de 15 a 19 horas; e os mércores de 8.30 a 13.30 horas.

O lugar deste servizo será na Casa Habanera.

O programa no que se inclúe o servizo municipal de psicoloxía recolle, entre moitos dos seus obxectivos, millorar a situación persoal das mulleres vítimas e



daquelas en situación similar, ademais da intervención e a atención ás persoas que se atopan en situación de vulnerabilidade.

Entre ti e mais eu hai conexión

Amarás a túa fibra! É a que recomenda Jesús Calleja

FIBRA
1.000 Mb

MÓBIL
20 Gb

Leva a fibra gratis no teu paquete móbil, ATA FIN DE ANO!

Despois 44€/mes

8€ /mes

adamo
Fibra · Móbil · Fijo

Chama xa GRATIS ao 900 651 679

QUERES GAÑAR UN PORTÁTIL LENOVO?
Participa xa! Só tes que rexistrarte en:
www.adamo.es/lenovo

Oferta válida para novos clientes que contraten entre o 25/08/2020 e o 30/09/2020, ambos incluídos. Non se pode combinar con outras promocións. Internet FAST! + Móbil limitado 20Gb PVP total 44€/mes, coa promoción, durante os primeiros 4 meses, só pagarás 8€/mes. Prezo final con IVE e cota de liña incluídos. Promoción suxeita a permanencia cos servizos Adamo de 12 meses. Aínda e instalación gratuíta.

castro de rei

O Concello realiza as obras da vía de Quintela a San Martiño

O Concello de Castro de Rei está a iniciar estes días varias obras de reparación e acondicionamento de vías. Así, con cargo ao Plan de Camións da Xunta estase a facer a estrada que une as localidades de Quintela e San Martiño de Goberno, “unha vía moi transitada xa que pasa por dúas zonas de concentración parcelaria”, explica o alcalde, Francisco Balado. Esta obra ten un orzamento de arredor dos 65.000 euros co obxectivo de botar rego asfáltico de tres capas. Despois con cargo aos fondos mu-

nicipais estanse a acometer obras tamén nas parroquias de Triabá, San Martiño de Goberno e Santa Leocadia, correspondentes a un proxecto que estaba presupuestado en algo máis de 45.000 euros.

Así mesmo, tal e como explica Balado, se están a facer traballos de bacheo, con cargo a recursos propios, en distintas parroquias. Xa finalizaron os realizados en Pacios, Prevesos e Ponte de Outeiro e agora actuarán nas zonas de Azúmara, Loentia e Ludrio.

Estudan ampliar o horario do servizo de madrugadores

O Concello puxo en marcha o servizo Madrugadores no Ceip Veleiro-Docampo, que se prolongará durante todo o período escolar e que ten como obxectivo conciliar a vida familiar e laboral ofrecendo o coidado do pequeno ata o momento de estar na clase.

Polo de agora están inscritos 12 pequenos e esperan aumentar a inscrición unha vez que se mellore a situación sanitaria. Así mesmo, e debido á demanda, están estudiando ampliar o horario e abrir ás 7.30 horas.

Este servizo realízase de luns a venres, agás os días non lectivos, en horario de 8.00 a 9.15, momento de entrada dos pequenos á aula. Está dirixida a todos aqueles entre 3 e 12 anos.

Neste tempo tamén poderán tomar o almorzo que lles proporcionen as familias ou simplemente realizar as actividades previstas antes do comezo das clases que estarán dirixidas principalmente a hábitos sociais, educación para a saúde, para a convivencia e educación para o lecer.

Manuel Becerra contará cunha homenaxe en Ponte de Outeiro

Tal e como solicitou o grupo socialista de Castro de Rei, o Concello organizará unha homenaxe á figura do político, escritor e humanista Manuel Becerra Bermúdez, coincidindo co 200 aniversario do seu nacemento, na súa parroquia natal da Ponte de Outeiro.

Esta petición foi aprobada por unanimidade no último Pleno onde acordaron que esta homenaxe farase a través dunha placa conmemorativa na súa parroquia, como recoñecemento e en recordo a esta destacada figura do século XIX.

O acordo é que se faga unha pequena homenaxe no mes de outubro, e descartaron facer algo de maior envergadura “debido á situación sa-



nitaria actual”. Paralelamente, difundirase entre o alumnado nos centros educativos do municipio un libro sobre a figura deste home.

Piden a rehabilitación do antigo psiquiátrico de San Rafael

O equipo de Goberno do Concello de Castro de Rei instará á Deputación Provincial á rehabilitación do edificio do antigo hospital psiquiátrico San Rafael de Castro de Ribeiras de Lea. A Deputación de Lugo é titular do conxunto de edificacións que forman o antigo hospital xa que foron cedidas de xeito gratuito polo Concello tras un acordo plenario de 1941 e no que se incluían a granxa provincial, o antigo fogar-escola e o hospital San Rafael.

No ano 2012 o psiquiátrico deixou de ter actividade xa que os internos foron trasladados todos ao hospital de Calde, que tivo lugar despois da transferencia dos hospitais da Deputación ao Sergas. Dende entón, tal e como sinala o Concello, as instalacións atópanse en situación de abandono, sen prestar uso de ningunha clase. No ano 2015 o Pleno da Deputación acordou a creación dunha escola agropecuaria con apoio da USC pero esta proposta nunca chegou a materializarse.

A proposta de rehabilitación do Goberno aposta por un uso asistencial



Edificio do antigo psiquiátrico San Rafael

ou de carácter social “xa que a cuberta e a estrutura permanecen inalteradas”. Ademais o local, que ocupa unha superficie dunha hectárea, conta con amplos espazos, pasillos e locais que cumpren coa normativa vixente en materia asistencial. Estima que podería acoller a 500 residentes.

O equipo de Goberno pon como exemplo a situación que se viviu noutros centros similares como o

hospital de San José, que foron cedidos a asociacións e despois rehabilitados. Entende tamén que o elevado custe dunha obra destas características debería acometela a entidade provincial xa que “é a que ten capacidade económica”.

Rematan decido que a súa rehabilitación con fins sociais “cumpriría coas condicións de cesión de terreos que o Concello fixo á Deputación na década dos 40 do pasado século”.

Deslinde de 5 comunidades de montes

As comunidades de montes veciñais en man común de Castro de Rei de Ludrio, Viladonga, Ansemar, Loentia e Bendia, veñen de realizar o deslinde dos montes en convenio coa administración forestal tras chegar a un acordo. O deslinde fíxose en consenso e

os responsables xa acudiron ao xulgado a unha conciliación para oficializalo quedando unicamente por facer a especificación en plano.

Entre as cinco comunidades de montes de Ludrio, Viladonga, Ansemar, Loentia e Bendia suman

máis de 2.000 hectáreas de terreos e aúnan a uns 250 comunei-ros.

Tras resolver todos os papeis fixéronse devasas nos límites das comunidades de montes e colocáronse mouteiras para marcar o novo deslinde.

rábade

ACTUACIÓN

Rábade acollerá o día 12 de outubro unha actuación do Coro de Riotorto. Este concerto será na igrexa parroquial a partir das 12.00 horas. Esta actuación englobase dentro do programa Musiqueando da Deputación de Lugo co que se pretende incentivar a cultura que se fai no rural do mesmo xeito que se levan estas actuacións aos municipios.

Suspenden definitivamente o Máster de Fútbolín

A organización do Máster de fútbolín de Rábade decidiu suspender finalmente a edición deste ano (a XXIII) do Máster Nacional de Fútbolín de Rábade. Este xa non se celebrou nas datas previstas para o mes de abril, concretamente o 9, 10 e 11, coincidindo, como é tradición, coa festividade da Semana Santa e foi aprazado para a fin de semana do 1 ao 11 de outubro, a fin de semana do Día da Hispanidade e escolleuse esta data para deixar o luns festivo e facilitar os traslados unha vez re-

matado o torneo, que ía ser novamente durante tres xornadas. Finalmente “debido á persistencia da crise sanitaria e seguindo as indicacións das autoridades pertinentes e moi ao noso pesar, vémonos na obriga de aprazar definitivamente esta edición do máster de Rábade”.

Os habituais deste torneo internacional están emprazados para a próxima Semana Santa. No torneo, que reparte uns 10.000 euros en premios, participan unha media que supera as 300 parellas.

CHAIREGOS
SERVIÇOS VETERINARIOS

- CONSULTORIO DE MASCOTAS E CLÍNICA DE ANIMAIS DE GRANXA

CO ANUNCIO RECORTADO 10% DE DESCONTO EN VACINAS E MICROCHIPS

R/ Gabriela Nieto Chaín, nº 20
(O Ramal) Rábade

Telf. 982 871 103

URXENCIAS
24 HORAS

Deputación e Concello firman o convenio para o centro deportivo

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, e o alcalde de Pol, Lino Rodríguez Ónega, asinaron un convenio de colaboración a través do cal a institución provincial achegará 392.000 euros, entre este ano e o 2021, para dotar de instalacións deportivas complementarias, accesos e iluminación á nova área deportiva e de lecer que o Concello está a construír na localidade de Mosteiro.

Este novo investimento súmase aos 330.000 euros que a institución provincial xa aportou, a través doutros convenios e do Plan Único, a este proxecto que impulsa o Concello de Pol para crear unha gran área para o fomento do deporte nun terreo de 38.000 m², que inclúe un campo de fútbol de herba natural e unha área de xogos situadas preto do pavillón municipal, o colexio e a piscina.

A través do novo convenio, a Deputación de Lugo colabora na dotación a esta nova infraestrutura deportiva de titularidade municipal con vestiarios, sala de ximnasio, unha tribuna, focos e torres



O presidente da Deputación e o alcalde de Pol, na firma do convenio

de luz, e tamén cunha nova vía independente que facilitará o acceso ás piscinas anexas á área deportiva. José Tomé subliñou que “con este investimento, ademais de dinamizar o emprego a través da obra pública, a Deputación contribúe a que a área de lecer e deportiva conte cos servizos necesarios para que se converta nun eixe dinamizador da localidade, tanto social, como económico, favorecendo o asentamento de poboación no rural”.

O alcalde de Pol, que agradeceu a nova colaboración da Deputación con esta infraestrutura

pública deportiva, destacou que “Pol contará co primeiro campo de fútbol de titularidade municipal e dunha grande área de lecer con xogos e outros equipamentos que permitirá fomentar o deporte entre a veciñanza da localidade e da contorna e tamén dinamizar a economía do concello”.

O campo de fútbol contará cunhas dimensións de 105x68 metros de terreo de xogo, máis de 1,5 metros de bandas nos laterais e 2,5 metros nos fondos. A zona de xogos constará de pistas de billarda, bolos, petanca, pádel, xogos de mesa e unha tirolina.

Os usuarios do centro de maiores publican unha revista

Os usuarios e usuarias da Rede de Centros Públicos de Atención a Maiores da Deputación de Lugo celebraron o Día do Maior con diferentes actividades e iniciativas. Unha delas foi a presentación dunha nova revista elaborada por eles mesmos e con contidos propios onde relatan historias persoais e se inclúen creacións literarias e diversas actividades e obradoiros.

A revista recolle testemuños das persoas que viven nos catro centros provinciais, entre eles o de Pol. Esta publicación, distribuída nos centros

de maneira impresa e enviada ás familias, estrutúrase en varias seccións con proudcción literarias en forma de poesía, narrativa e contos escritos polos residentes; fotografías de diferentes momentos; recompilación de declaracións dos usuarios e usuarias con historias das súas vidas laborais, chistes; adiviñas, opinión sobre asuntos de actualidade, recomendacións e boas prácticas saudables, punto de encontro entre os usuarios dos diferentes centros que integran a Rede de Centros Públicos de Maiores da Deputación de Lugo e aniversarios.

O municipio terá xeolocalización para axilizar as emerxencias

O Concello de Pol vén de poñer en marcha o proxecto Isocrona, unha iniciativa xa implantada en concellos da Mariña ou no da Pastoriza, para facilitar a localización de emerxencias no rural e poder axilizar os tempos de resposta dos servizos.

Con esta aplicación xeolocalízanse as casas do municipio, identificadas polo seu número e o seu

nome popular, como moitas veces ocorre no rural. Ademais, de que a base de datos incluíra calquer outro punto de interese, como patrimonio relixioso, escolas ou locais sociais, explotacións agrogandeiras, parques, roteiros, etc, para a maior facilidade de localización. No caso de Pol conta con máis de 1.300 referencias só de edificacións, na súa gran maioría casas.



O momento da entrega do material no Concello de Pol

Amigos de Galicia entregou material escolar ás familias

Fundación Amigos de Galicia entregou as mochilas con material escolar para que os menores atendidos pola entidade poidan comezar o curso en igualdade de condicións.

Ao comezo do curso escolar, hai menores que non contan con todo o material escolar que necesitan, por atoparse as súas familias en situación de carencia de recursos económicos. Dado que unha das actuacións principais da Fundación é a cobertura de necesidades básicas das familias en situación de dificultade económica,

especialmente daquelas que teñen menores a cargo, a entidade organizou a campaña de *Material Escolar A volta ao cole máis especial* co obxectivo de entregar unha mochila co material escolar necesario para comezar o curso aos nenos e nenas en risco ou exclusión social.

Estas mochilas contan con todo tipo de material escolar como bolígrafos, cadernos, cartafolios, material de debuxo para os máis pequenos, compás, regras, etc, con material diferente dependendo do curso do alumno.



ABRE O PAI. O Punto de Atención á Infancia reiniciou a súa actividade a principios de setembro para este curso 2020/2021. O seu funcionamento foi reaxustado ás medidas promovidas pola Xunta de Galicia fronte á covid-19, coas máximas precaucións para que todos os usuarios poidan voltar á nova normalidade nun entorno seguro e de calidade.

Mosteiro acolle o venres a obra de teatro ‘5 historias para unha man’

O Concello de Pol acolle o venres 9 de outubro a representación da obra de teatro *5 historias para unha man*.

Esta representación está a cargo de Mircromina Títeres e será ás 18 horas no centro sociocultural de Mosteiro.

A entrada é de balde e o aforo estará limitado para cumprir coas normas sanitarias.



Rúa da Maciñeira, P.47 Pol.Ind. Sete Pontes
27800 Vilalba (Lugo)
Telfs: 982 512 875 / 670 768 334
E-mail: administracion@distega.es



Comeza un programa de actividades para promover a igualdade da muller

A delegación de Muller e Igualdade da Pastoriza prepara varias actividades baixo o título *Mulleres do Miño*. Estas iniciativas xa comezaron coa exposición *As conquistas do feminismo*, elaborada por alumnado de centros educativos galegos, permanecerá na Pastoriza ata o 25 de outubro.

Durante os meses de outubro e novembro as iniciativas do programa estenderanse aos centros educativos do Concello, con actividades de contacontos centradas en figuras femininas galegas e dirixidas a educación infantil e primaria a cargo do colectivo creativo Polo correo do vento.

Por outra banda o vindeiro sábado 17 de outubro ás 20 horas no auditorio da Casa do Concello terá lugar un cine fórum coa proxección do documental *Tecido Resistente*. A programación do ano 2020 de Mulleres do Miño pecharase o venres 27 de novembro ás 20 horas coa presentación do libro *Invisibles*.

CONCURSO. Por segundo ano consecutivo, co gallo do Día Internacio-

nal da Muller Rural, dende a Área de Muller e Igualdade do Concello da Pastoriza, apostan por visibilizar a través da fotografía as mulleres rurais, “as do noso concello”, polo que volve a convocar o concurso Muller Rural da Pastoriza.

No concurso pode participar calquera persoa sen importar o seu lugar de orixe, e a temática consiste en imaxes de mulleres rurais do Concello no seu lugar de traballo, labores diarias. Como o ano pasado, a fotografía enviárase a través do perfil de Facebook ou enviando ao enderezo electrónico creado para a ocasión: concursofotografiapastoriza@gmail.com; colocándolle un título para a fotografía e poñendo a parroquia de orixe da fotografía onde foi feita.

As fotografías poden enviarse ata o 10 de outubro e o día 11 publicaranse e poderán votarse dándolle a “me gusta” ata o día 15. O sábado 17 realizarán unha proxección para a celebración do Día Internacional da Muller Rural e entregárase un premio para a fotografía gañadora.

Avanzan na creación do centro de interpretación do Alto Miño

José Antonio Quiroga, presidente da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, organismo dependente do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, e o alcalde da Pastoriza, Primitivo Iglesias, rubricaron o Convenio de colaboración que posibilitará a construción do Centro de Interpretación do Alto Miño en Fonmiñá.

O investimento total necesario estimábase en 250.000,00 euros, importe que será asumido integramente pola Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, pola súa banda o Concello da Pastoriza poñerá a disposición os terreos necesarios para a execución do proxecto de obra, as súas modificacións e posibles obras complementarias, mediante certificación para o efecto expedida polo secretario da corporación. Unha vez finalizadas e recibidas as obras por parte da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, comunicárase ao Concello da Pastoriza tal circunstancia, achegando unha copia da acta de recepción, sendo entregadas para o seu uso público a este último para a súa xestión,



Primitivo Iglesias e José Antonio Quiroga asinando o convenio

mantemento e conservación provisionalmente ata a tramitación da mutación demanial.

A boa comunicación deste espazo natural, ao bordo da estrada LU-122, a dispoñibilidade de aparcamentos e sobre todo os valores naturais da zona, foron as principais características para a localización deste centro de interpretación no que se visibilizarán os valores de fauna, flora e aspectos antropolóxicos relacionados coa auga superficial e co río Miño para potenciar os devanditos valores nun lugar que

xa de seu é visita habitual de escolares e viaxeiros de todo tipo.

As actuacións para executar consisten na construción dunha edificación de planta baixa, cunha superficie útil aproximada de 250 m², sobreelevada sobre a rasante do terreo, con materiais da zona.

“En canto ao deseño interior, será simple e intuitivo e dotado de tecnoloxía adaptada aos novos tempos, co ánimo de facelo atractivo para foráneos, visitantes e moi enfocado á comunidade escolar”, explicou Quiroga.

A piscina municipal engade dous cursos de zumba e de pilates

A piscina municipal ampliará o seu programa de cursos engaindo dous novos de zumba kids. Esta ampliación débese á alta demanda que se está a dar. As novas sesións, para nenos e mozos, desenvolveranse os martes ás 17.15 horas e os venres ás 16.45 horas. Para inscribirse poden facelo directamente na piscina. Todas as actividades están suxeitas a protocolos establecidos por mor da covid-19 que son de obrigado cumprimento.

Ademais, e tamén debido ao aumento da demanda, habilitaron dous novos cursos de pilates tamén na piscina municipal, serán os martes ás 20.30 horas e os venres ás 19.30. A inscrición tamén pode facerse na piscina.

Saen a licitación obras de mellora de varios accesos a parroquias da Pastoriza

O Concello de Pastoriza vén de sacar a licitación o proxecto de pavimentación de accesos aos núcleos de Vilar, Mazón, Seselle, Castriñeira e Francos, que se farán con cargo ao Plan Único 2020 da Deputación.

O proxecto inclúe actuacións nos accesos a Vilar e escola de Pousada, Mazón en Gueimonde e, dentro de Bretoña, os accesos a Seselle, á estrada desta localidade a Castiñeira, a Francos, a Coto de Francos e á estrada Francos-Cabaleiros.

Trátase da mellora da pavimentación dos camiños referidos mediante a reparación de deformacións e roturas dos mesmos,

mediante recargo de grava e regos asfálticos a base de emulsión tipo ECR-3 e gravillas. Tamén se procederá á mellora da drenaxe lonxitudinal mediante a limpeza de cunetas.

O orzamento base de licitación consignado no proxecto ascende á cantidade de 125.114,62 euros, IVE incluído. O importe aboarase con cargo á partida 454.619 do vixente orzamento municipal na que se realizaron as oportunas modificacións de crédito, quedando acreditada a plena dispoñibilidade das achegas que permiten financiar o contrato. O prazo de execución da obra é de tres meses.

O Concello rehabilita cinco vivendas máis para alugueiro

O Concello da Pastoriza rehabilitará cinco novas vivendas para destinar a alugueiro nas antigas escolas unitarias de Bretoña, Crecente e Álvare. Serán dúas vivendas por escola, agás en Bretoña, que se fará unha xa que a outra xa foi rehabilitada.

Para a realización da obra, o Concello conta cunha subvención do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) de 185.850 euros, que supón o 80% do orzamento total da obra, xa que o Goberno local porá os outros 46.000 euros.

O obxectivo destas obras é a reparación das vivendas para adecuar a parte interior co fin de ofrecelas en réxime en alugueiro a veciños e familias que veñen ao Concello, xa que “temos demanda de vivenda en alugueiro”, indica a concelleira nacionalista Elva Carrera. “Trátase dunha iniciativa fundamental para asentar poboación e ofrecer vivenda de calidade que cumpra con requisitos, en especial para aquelas persoas que veñan a traballar ás explotacións ou parellas mozas que queren independizarse e debido á escaseza de vivendas de alugueiro teñen que marchar do Concello”, engade.



Antiga escola de Bretoña

Os traballos que se desenvolverán nas cinco casas consistirán na demolición interior, xa que todas elas van ser redistribuídas para mellor aproveitamento dos espazos; renovación de instalacións eléctricas e de saneamento, illamento das fachadas mediante trasdosados e tabiquería, renovación de carpintería interior, alicatado con plaqueta de gres en zonas húmidas e tarima no resto para rematar co traballo de pintado. Na escola de Bretoña, ademais, pintárase a fachada exterior.

A primeira escola, xa reahabilitada foi con cargo ao Plan Único da Deputación.



SE VENDE
LICENCIA DE TAXI
EN VILALBA

Tel. 608 080 482

Rematadas as obras de dúas novas rutas de sendeirismo

O obradoiro de emprego rematou estes días o seu traballo na Pastoriza tralo parón ocasionado polo coronavirus. Deste modo deixaron rematado o traballo de acondicionamento de dúas novas rutas de sendeirismo nas parroquias de Bretoña e A Rigueira. Segundo avanzou o alcalde da localidade, Primitivo Iglesias, as rutas quedaron “perfectamente limpas e sinalizadas”. O seguinte paso será a oficialización das mesmas “ao igual que fixemos coa Ruta da Auga”, explica.

A primeira das rutas é a de Maeloc, ubicada na parroquia de Bretoña que é de dificultade media e ten arredor dos 12 quilómetros. O principio está no paseo fluvial en Bretoña, xusto ao lado da carballeira onde se celebraban as festas de Lugnasad e transcorre un quilómetro e medio polo paseo fluvial del Bretoña, unha ruta de variada flora que conta tamén con algúns elementos etnográficos e despois ascende cara o alto de Campodoso, ata o lugar de Pena Gallada. Vai por pistas e camiños forestais e desde o punto onde remata en días claros o camiñante pode ver Foz na lon-



Primitivo Iglesias, na ruta Maeloc

tananza e a costa e pola parte sur todo o val de Bretoña e a Terra Chá. Ao leste vense gran parte das montañas de Fonsagrada ata Os Ancares. Ten un miradoiro excepcional. Os habituais explican que hai dúas formas de facer a ruta, en especial para principiantes, que consiste en facela en sentido descendente, para evitar a subida.

A segunda ruta acondicionada foi a Ruta da Mudia, na parroquia da Rigueira, de dificultade media-

baixa e con 7 quilómetros de percorrido. Parte do lugar do Castelo, cunha moi variada paisaxe, atractiva, que ascende polo monte da Mudia, por pistas forestais ata o miradoiro do alto da Mudia, onde se pode contemplar toda a inmensidade da Terra Chá de cara ao sur. Cara ao norte están as zonas de transición e os límites cos concellos de Abadín e Mondoñedo. Cara ao leste tamén destacan as vistas das montañas veciñas.

Abre o prazo de solicitude das axudas ao transporte escolar



Constantino Fernández Leira, voceiro socialista na Pastoriza

O Concello da Pastoriza abriu o prazo para presentar as solicitudes para as axudas ao transporte escolar dos nenos censados no Concello pero que cursan estudos fóra. O obxectivo desta axudas é sufragar parcial ou totalmente o custo no traslado do alumno ao seu centro educativo. Polo tanto, é necesario cumprir os requisitos como que a unidade familiar esté empadroadada no Concello, e que algún dos fillos estea cursando educación postobrigatoria (1º e 2º curso de bacharelato) ou cursos de formación profesional.

Os interesados poderán solicitar dita axuda no rexistro xeral do Concello antes do 14 de outubro. A solicitude, anexos e as bases es-

tán dispoñíbles no concello ou na súa web.

Segundo explican os responsables do Concello “estamos en tempos difíciles dado que a situación económica é complicada, cremos que é o deber de calquera ente público e especialmente o Concello axudar a aquelas familias que máis o necesitan. A axuda para poder sacar adiante os estudos dos fillos é importante porque a cultura é o motor dun país. Deixar de lado o fomento da cultura e das axudas para que a xuventude se forme sería unha grave negligencia pola nosa parte. Non son grandes cantidades porque somos un Concello pequeno, pero aínda así, toda axuda é benvinda”.



#SENTIDIÑO
PROTEXÁMONOS A NÓS MESMOS
E AOS QUE NOS RODEAN

XUNTA DE GALICIA
coronavirus.sergas.gal
900 400 116

meira

O Concello licita a primeira fase da traída da Corota e A Louseira

O Concello de Meira vén de informar que destinará 77.315,02 euros á realización da primeira fase da rede de abastecemento de auga nos lugares da Corota e A Louseira. O orzamento da licitación, con cargo ao Plan Único da Deputación de Lugo, inclúe 13.418,31 euros en concepto de IVE e teñen un prazo de execución de tres meses.

As actuacións consistirán na captación e búsqueda do manancial e a condución do mesmo, así como, a construción dun depósito cun equipo de dosificación de lixivia para a desinfección das augas para o consumo humano e a creación da rede de distribución e as acometidas.



Estrada cara A Corota

O proxecto e as cláusulas poden consultarse na páxina web do Concello meirego. Esta obra forma parte dunha se-

rie de actuacións dirixidas a mellorar ou completar os servizos de abastecemento de auga nas parroquias.

EN BREVE

ITV. Dende o día 27 de novembro ao 2 de decembro a ITV móbil de turismos pasará polo Concello. Estará ubicada na área recreativa xunto á urbanización O Carballal e en diferentes horarios dependendo do día. Para acudir é necesario coller cita no teléfono 902 30 90 00 ou a través da páxina web www.sycitv.com.

CORAL. A Coral de Meira comunicou que está a buscar xente que se queira unir ao seu coro. Así, fixeron público nas súas redes sociais que os seus ensaios son os sábados ás 19.00 horas na casa da cultura de Meira. Ademais, para calquer dúbida pódese chamar ao número de teléfono 600 823 074.

A Ruleta do Comercio estará en Meira o 9 de outubro

A Federación de Comercio de Lugo, en colaboración coa Asociación de empresarios de Meira e a Consellería de Economía, Emprego e Industria – Dirección Xeral de Comercio da Xunta de Galicia, pon en marcha na vila a campaña promocional Ruleta da Sorte.

Así, todos os clientes de Meira que merquen entre estes días nos establecementos asociados da vila poderán xirar a ruleta. Cada ticket de importe igual ou superior a 10 euros dá dereito a

unha tirada.

A Ruleta instálase o venres 9 de outubro, entre as 11.00 e as 14.30 horas, no paseo central da Praza Maior, e dá opción a gañar agasallos para premiar a fidelidade dos clientes no comercio local.

A campaña Ruleta da Sorte busca dinamizar o comercio de proximidade da provincia de Lugo e incentivar o consumo. Con esta finalidade, contempla distintas actuacións en varias localidades lucenses.

begonte

Retrasan pola covid-19 o inicio das actividades socioculturais

O Concello de Begonte comunicou aos seus veciños que as actividades socioculturais e deportivas previstas para o curso 2020/2021 retrasan o seu inicio “para levarse a cabo coas máximas condicións de seguridade, que esixen a adaptación de espazos e dotación de medios nos nosos locais municipais”.

O obxectivo destas actividades, que organiza o propio Concello, e que podan celebrarse o antes posible polo que comunicaron que se iniciarán “sempre e cando a evolución da pandemia o permita”.

O Concello conta normalmente con actividades como fútbol,



patinaxe e tenis para os máis pequenos mentres que os maiores dispoñen de informática, pintura, ximnasia ou memoria.

O Concello licita o servizo de axuda no fogar por dous anos

O Concello de Begonte licita estes días, mediante procedemento aberto, o Servizo de Axuda non Fogar (SAF) na modalidade de dependencia. O importe da licitación ascende a un total de 1.021.363,20 euros, co IVE incluído, por un período de dous anos.

O prego do concurso contempla ademais a posibilidade de prorrogalo dous anos máis, polo que o valor estimado deste incrementárase ata os 2.042.726,40 euros. Tamén se establecen 16,64 euros como prezo por hora ordinaria de dependencia e a extraordinaria debe abonarse a 17,68 euros.

O Concello de Begonte ten asig-

nadas para este ano 2020 un total de 30.660 horas ordinarias, ás que se suman 480 extraordinarias. Da atención domiciliar dos usuarios encárganse uns 20 traballadores, entre os que figuran unha persoa encargada da coordinación da asistencia e as auxiliares. Ademais dos gastos derivados dos salarios do persoal, neste tamén se contemplan outros conceptos, como o material necesario, os desprazamentos ou a xestión do propio servizo.

O prazo de presentación de ofertas aínda está aberto e son varias as empresas que mostraron o seu interese na prestación do servizo

riotorto

O PSOE denuncia que o salón de plenos non reúne as condicións sanitarias

O Grupo Socialista de Riotorto denunciou que o Salón de Plenos non reúne as condicións sanitarias para celebrar unha sesión plenaria. Alegan que é un espazo moi reducido para reunir aos 9 membros da corporación, e polo tanto non poden cumprirse as normas de seguridade. Tamén van reclamar o expediente de contratación da nova praza de administrativo realizada a través do Plan da Deputación, no que resultou titular a muller do alcalde.

Rematan as obras do saneamento de Vale

O Concello deu por rematadas as obras de construción da rede de saneamento de Vale, nas que se investiron 49.668'29 euros. O lugar componse dun núcleo principal onde se ubican a maior parte das vivendas, en dous barrios denominados Penela e Aldea, e outro núcleo secundario formado que se coñece como Souto de Vale que agora comunican coa rede. A poboación habitual do lugar de Vale é de 25 habitantes aínda que estacionalmente chegan a ser un máximo de 30 ou 32.

As obras consistiron na construción dunha rede de colectores que canaliza as augas residuais das vivendas cara a un punto de vertido onde se sitúa o conxunto de depuración. Os colectores están polas marxes dos camiños e estradas do lugar e na maior parte dos casos, debido á particular orografía do lugar e dispersión das vivendas, por fincas particulares. Debido á pendente do terreo foi necesaria a execución de pozos de resalto coa fin de non incrementar



excesivamente a pendente da canalización e ao mesmo tempo resolver satisfactoriamente o desnivel a salvar. Todas as tubaxes se conectaron ao sistema de depuración composto por unha fosa-filtro compactos, para unha capacidade de 40 habitantes.

A Aula CeMit acollerá un curso de informática no mes de outubro

A Aula CeMit do Concello de Riotorto, ubicada no centro sociocultural Avelino Díaz, acollerá un curso de informática durante este mes de outubro. Este curso está dirixido a nenos de 8 a 12 anos establecendo unha ratio de catro pequenos por grupo para manter as medidas sanitarias. A intención é celebralo un día á semana en sesións de hora e media. Os interesados en participar deberán inscribirse no teléfono 646 218 296.

O Pleno de Muras amplía as axudas da luz e de estudantes

O Goberno local de Muras sacou adiante co voto unánime da corporación municipal, as bases de axuda ao pago da factura da luz e as de estudantes, no último Pleno. Nas bases da luz, a diferenza do ano pasado, incorporouse unha nova liña de axudas, destinada aos autónomos, pequenas empresas ou explotacións agropecuarias radicadas no municipio, para subvencionarlles tamén o pago da factura da luz, cunha contía fixa de ata 1.500 euros. Esta liña incorpórase como unha medida que intenta paliar a incidencia na economía local da crise provocada pola pandemia da covid-19, e no marco das conversas que se mantiveron entre os grupos municipais. Ademais, manterase a liña de sempre dirixida a subvencionar os gastos domésticos cunha subvención de ata 600 euros para cada familia. O que si cambia é que para chegar á máxima cuantía elévese o tope e este cobrarse en fogares con restas inferiores a 15.000 euros, cando antes eran para os de menos de 11.000 euros. Estas novas axudas volverán convocarse no mes de febreiro, como ven sendo habitual no Concello, para cubrir os gastos do ano 2020.

O alcalde, Manuel Requeijo, manifestou que “con estas bases, seguimos a senda dos últimos anos, incrementando as contías e os beneficiarios. Agora os autónomos poderán ter unha pequena axuda do concello que sempre lles vén ben”.

ESTUDANTES. Por outra parte, tamén se aprobaron as bases das axudas destinadas aos estudantes e neste sentido, mantivéronse as contías do ano pasado, e introduciuse como



Imaxe dos eólicos que proporcionan a enerxía eléctrica

novidade, unha liña de axuda de 100 euros, destinada a subvencionar a contratación de internet nos fogares, posto que é necesario que os estudantes conten cunha conexión de velocidade media-alta, para combater a brecha dixital, e garantir que todo o alumnado de Muras matriculado en calquera nivel educativo conte con estes tipo de conexión, dado que en calquera momento poderían tomarse medidas de restricións de movementos, e atoparnos de novo coa ensinanza semi-presencial.

O rexedor engadiu que “tamén queremos que haxa internet en todos os fogares dos alumnos de Muras, non vaia ser que suspendan as clases de novo pola pandemia. Debemos estar preparados por se acaso, por iso animo a que instalen a conexión nas súas casas”. Por último, Requeijo engadiu que “os alcaldes nestes tempos, debemos pensar nos veciños, sobre todo nos máis vulnerables e facer políticas para facer unha sociedade máis xusta e igualitaria”.

Outros asuntos do Pleno

O Pleno aprobou tamén a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola expedición de documentos administrativos e a da impostos sobre construción, instalacións e obras (ICIO) con modificacións importantes no tocantes ás rebaixas xa que antes estaba nun 2,4% e agora vai graduado dende o 1% para traballos orzamentados ata 100.000 euros. O crecemento prodúcese cun punto por cada

100.00 euros de custe. O obxectivo tamén é, como subliña o alcalde “incentivar a construción en Muras e deste xeito facilitar tamén a instalación de empresas neste municipio”. Outro dos puntos consistiu na aprobación das contas xerais do 2019, que estiveron en exposición pública durante o tempo regulamentario polo que non recibiron ningunha reclamación e foron aprobadas como un mero trámite.

Deron comezo as obras do abastecemento á Balsa

O Concello de Muras avanzou que xa comezaron as obras da traída de auga á Balsa, unha mellora que conta cun orzamento de 380.000 euros con cargo ao Fondo de Compensación Ambiental.

O alcalde de Muras, Manuel Requeijo, explicou que “con esta obra completárase o servizo de auga da traída municipal a todas as parroquias, aínda que quedan pequenos puntos que se irán

solventando co tempo, pero o servizo quedaría deste xeito plenamente extendido”.

A obra contempla a construción dun depósito de auga así como 17 quilómetros de tubaxe, ademais de todo o demais que leva como arquetas e outras actuacións en diversos puntos.

O obxectivo sería rematar a obra nun prazo de tres meses polo que antes de final de ano podería contarse con este servizo.

Suspenden pola covid-19 a Feira do Poldro e o Trail das Bestas

O Concello de Muras fixo un comunicado para avanzar a cancelación da Feira do Poldro e do Gando de Monte, que se celebra tradicionalmente o último domingo do mes de setembro no alto da Gañidoira. A pandemia da covid-19 e as altas cifras de contaxio obrigaron a tomar esta decisión.

A edición prevista para este ano era a XXXIII e, dende o ano pasado conta coa distinción de Festa de Interese Turístico Galego. Nos últimos anos esta celebración cobrou unha gran importancia grazas ao impulso municipal que derivou na visita de un gran número de persoas a esta zona do Xistral o que entra en contraste cos protocolos de seguridade e distanciamento postos en marcha pola Xunta de Galicia.

Nos últimos anos, a feira ampliou programación xa ao sábado aínda que o día grande segue a ser o domingo, coas transaccións de gando,

concurso con premios aos mellores exemplares e promoción da Hamburguesa Gañidoira, con carne de poldro.

TRAIL DAS BESTAS. A organización do popular Trail das Bestas de Muras, decidiu finalmente suspender a edición deste ano para evitar riscos sanitarios. Esta cita, que tradicionalmente se celebraba en novembro, foi convocada para xullo pero debido á situación aprazouse de novo ata novembro e finalmente decidiron suspendela “por seguridade sanitaria” e debido aos continuos contaxios que se están a producir.

“É triste ter que suspender o noso trail, pero temos que pensar en que o mellor agora é coidarse e intentar expoñernos o menos posible. Ogalá no 2021 podamos volver a correr e camiñar polos montes da Serra do Xistral”, explican na organización.

PROMEDISA®
SUMINISTROS MÉDICOS

tienda@promedisa.com
@PromedisaLugo
Promedisa Ortopedia

AYUDAS TÉCNICAS • ORTOPEDIA

- AYUDAS PARA LA VIDA DIARIA
- DESCANSO
- ASEO DIARIO
- MOVILIDAD
- GRÚAS
- EMERGENCIAS
- DIAGNÓSTICO

COMPRA ONLINE
www.promedisa.com

AVENIDA DE LA CORUÑA, 104 BAJO - LUGO T. 982 245 715
AVDA. TERRA CHÁ, 50 BAJO - CASTRO RIBERAS DE LEA T. 982 310 374



Fachada do Ceip Laverde Ruíz

O BNG denuncia a suspensión do comedor no Ceip ante a Valedora

O BNG de Outeiro de Rei denunciou ante a Valadora do Pobo a falta de servizo de comedor no Ceip Laverde Ruíz. A formación nacionalista pide a intervención da Valeduría para requirir á Consellería de Educación e ao Concello de Outeiro de Rei que “procedan de forma urxente a garantir a prestación do servizo de comedor como se viña prestando nos cursos anteriores”

Na reclamación, o BNG explica que as familias recibiron a notificación na que se informaba da suspensión do servizo de comedor “até novo aviso escasamente 24 horas antes de iniciarse o curso escolar”, o que “evidencia a total improvisación e interese das administracións por organizar e prestar este servizo”.

“Non podemos entender como a Conselleira non soluciona este problema e menos a forma en que se comunica ás familias, impedindo que poidan adaptarse á situación e au-

toorganizarse para forzar unha solución ao problema antes do comezo das clases neste colexio”, sinalou o concelleiro Xosé Ferreiro.

O nacionalista engadiu que “debido á non prestación deste servizo, a Consellería obriga a todos os nenos e nenas a ter que esperar no colexio unha vez rematadas as clases durante o tempo que duraría o comedor”. Nesa liña, denunciou que “non se modificarán os horarios de transporte por intereses económicos”.

O BNG incidíu na importancia do comedor escolar como recurso pedagóxico e para a conciliación familiar, e subliñou tamén que “é un servizo imprescindible para equiparar a igualdade de oportunidades do estudantado do medio rural co que reside nas cidades, representando unha ferramenta imprescindible para loitar contra o despoboamento e o abandono das nosas aldeas”.

O Concello está a mellorar a ruta do Camiño do Miño

Na actualidade o Concello de Outeiro de Rei está a realizar varias actuacións de mellora na ruta de sendeirismo Camiño do Miño consistentes por unha banda na mellora do firme dalgúns tramos que se atopan en mal estado de conservación debido á acción da auga. Doutra banda, preténdese rehabilitar unha ponte de madeira existente sobre o leito do río Santa Marta que require a reposición de varandas que foron arrasadas pola crecida.

Ademais destes labores de mellora das condicións de accesibilidade e seguridade do roteiro preténdese mellorar a experiencia sensorial do visitante colocando ao longo do roteiro unha serie de elementos interpretativos que a partir dun

código QR dean acceso a un vídeo aéreo que permitirá visualizar o que poderíamos ver nese lugar se puidésemos voar.

Trátase de ofrecer ao sendeirista a posibilidade de coñecer o territorio desde o ceo, indicando ademais en cada un deses puntos cales son os principais elementos da paisaxe circundante que se divisan desde esa posición.

Desta forma pódese comprender mellor o territorio apreciándoo en ambas escalas, a humana, a pé de carreiro, e a aérea, que nos da unha perspectiva maior e permítenos situarnos dentro do espazo natural no que nos atopamos e que coñeceremos aínda mellor a través do panel interpretativo que se colocará en cada un destes puntos.

O Pleno aproba unha nova normativa para a escola infantil

As familias con dous fillos na escola infantil de Outeiro de Rei beneficiaranse da nova normativa aprobada polo Pleno, pola que só pagarán por un. Esta medida busca asemellarse ao sistema de rexe nas escolas autonómicas.

O novo regulamente terá carácter retroactivo polo que se aplicará xa para este curso en marcha.

O Pleno aprobou tamén unha ordenanza reguladora dos prezos públicos para a prestación de actividades, clases e talleres nos ámbitos cultural, social e deportivo.

O grupo popular fixo valer a súa maioría para aprobar unha moción na que insta ao Goberno central a tomar medidas ante o fenómeno okupa.

BNG. O BNG de Outeiro de Rei presentou para o seu debate no Pleno unha proposta encamiñada a que o Concello recupere a xestión directa do Servizo de Axuda no Fogar, servizo que foi privati-



Vista da escola infantil de Outeiro de Rei

zado hai só uns anos polo actual alcalde, Pardo Lombao.

A razón desta proposta, ademais de racionalizar os custes do servizo, radica en “asegurar unhas medidas sanitarias preventivas axeitadas para as traballadoras, pois este colectivo está durante todo o día en contacto con persoas maiores e calquera contaxio pode ter consecuencias irreversibles”. “Segundo comentan as

traballadoras así como persoas usuarias, aínda non se lles fixo ningunha proba diagnóstica de detección preventiva, o cal tendo en conta a situación que estamos a vivir coa residencia de maiores que hai en Outeiro, está a sementar a inquedanza e o medo tanto no persoal traballador como nas familias usuarias”, din dende o BNG. Esta moción non foi aprobada.

Ecoloxistas din que unha liña eléctrica ameaza Penas de Rodas



Vista da fraga de Penas de Rodas

“Gustaríanos lanzar un #SOS á zona de Outeiro de Rei” é a frase coa que a Asociación Salvemos as Fragas de Catasós asegura “un alarmante “perigo para un dos bosques máis importantes do Concello de Outeiro de Rei. Segundo indican o espazo, que se atopa dentro da Rede Natura 2000 como Complexo Húmido da Terra Chá podería “perder boa parte das súas árbores de maior porte nos próximos meses”.

Esta situación podería producirse debido á aprobación do proxecto de construción da liña de alta tensión de 132 kw do parque eólico Cordal-Ousá, que ten o proxecto agora mesmo en exposición pública. Segundo indican, a obra afectaría a máis de 350 hectáreas de bosque autóctono, “no que se atopan ademais árbores de

gran antigüidade. Para el desenvolveranse rozas e e abríranse claros na contorna de áreas de especial interese paisaxístico”, din.

A intervención atravesará a “área recreativa Penas de Rodas, invadindo fincas con vivendas e bens de especial interese patrimonial que forman parte do conxunto histórico artístico do Concello, así como espazos de bosque autóctono, de cuxa valía natural fomos testemuñas”.

Trátase de “espazos cunha gran biodiversidade e que día tras día se van degradando pola falta de protección medioambiental, pola falta dunha política forestal rica e diversa, pola especulación do monte, polos incendios reiterados e pola desidia das administracións reinantes”, tal e como afirman dende a asociación.

O PSOE reclama un plan de subvencións para o agro local

A voceira do PsdeG-PSOE de Outeiro de Rei Carmen Acacio rexistrou unha moción coa que reclama ao Concello que se implique na elaboración dun plan de subvencións, a través de permutas voluntarias de solo de explotación agrogandeira e forestal. “Presentamos esta proposta tras escoitar as queixas das familias afectadas polo retraso na execución das concentracións parcelarias, que en moitos casos, levan máis de 10 anos esperando unha solución”, dixo.

Acacio, lembra na súa proposta, “que o noso Concello pasou de ter no ano 2002, 334 explotacións de gando bovino a 171 no 2019. Con este e outros datos vemos como o sector primario vaise reducindo debido ao abandono das explotacións. Outra sinal de alerta denótase “co saldo vexetativo da poboación que é de -41, é dicir, morren moitas máis persoas das que nacen, o cal non é nada prometedor”.

A voceira critica que “a día de hoxe só as parroquias de Castelo e Parada, despois de 20 anos, teñen concentración. E nas parroquias de San Fiz de Paz, Arcos, Sobrada de Aguiar, San Lourenzo de Aguiar, Vilela, Matela, Folgueira e Taboi o proceso para executalas iniciouse no ano 2011”.

AGRO



Para facer queimas é necesario o permiso autonómico

Abre a tempada para solicitar os permisos para queimas agrícolas

Xa poden solicitarse de novo, por parte das persoas interesadas, as autorizacións para queimas en terreos forestais, así como efectuar as comunicacións para as rexistradas en parcelas agrícolas. A Consellería do Medio Rural levanta así a suspensión de realizar queimas nos terreos rústicos que permanecía vixente dende o pasado día 1 de xullo, data de inicio da época de alto risco de lumes, unha tempada que remata hoxe. Para realizar a tramitación, existen dúas vías. Ou ben chamar ao teléfono 012 ou ben empregar a vía telemática dende o enderezo web <https://queimasweb.xunta.gal>. Así, os cidadáns que desexen queimar restos agrícolas amoreados nas zonas que determina

a Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, nos períodos habilitados, deberán comunicalo dous días antes. No caso de queimas de restos forestais amoreados, deberase solicitar unha autorización debido ao risco da actuación, sendo maior o proceso de tramitación. En todo caso, cómpre lembrar que as autorizacións e comunicacións deixan de ter validez nos días que hai vento e altas temperaturas.

Máis información sobre a realización de queimas, no seguinte enderezo da web da Consellería do Medio Rural: <https://mediorural.xunta.gal/gl/temas/defensa-monte/permisos-queimas>.

O Parlamento demanda unha Fundación de Investigación Agraria Aplicada para Galicia

O Parlamento aprobou a proposición non de lei do Grupo Popular a través da que se solicita á Xunta de Galicia a creación dunha Fundación de Investigación Agraria Aplicada de Galicia, sustentada na base da Fundación Centro Tecnolóxico da Carne e nos centros de investigación da Consellería do Medio Rural. O deputado do Grupo Popular Daniel Vega explicou que “o que se persegue con esta nova entidade é, por unha banda, obter alimentos seguros, saudables e de calidade, con alto valor engadido; e, por outra parte, ter unhas explotacións sostibles, baseadas en factores como a predición do comportamento da demanda, a valorización de subprodutos e refugалlos, a capacidade de adaptación ao cambio climático, a optimización e preservación do medio natural, e o alongamento da vida dos produtos”. Neste sentido, Daniel Vega engadiu que a Fundación de Investigación Agraria “crearase cun triplo obxectivo: o primeiro, de transferencia e impacto para a mellora dos pro-

ductos, a súa rendibilidade, calidade e seguridade; o segundo, dispor dun modelo organizativo que permita a sostibilidade económica, a captación e retención de talento; e terceiro, a colaboración público-privada efectiva e a dixitalización dos procesos administrativos”.

“Medio Rural configurarase como o polo estratéxico da investigación e o desenvolvemento tecnolóxico no sector agroalimentario de Galicia, reforzándose así as súas competencias para o impulso da transferencia nos eidos agrario, gandeiro e forestal”, indicou.

Coa posta en marcha desta fundación, o deputado popular sinalou que “se intensificarán os esforzos para cubrir as necesidades da sociedade galega vinculadas á I+D+i agraria, considerando aspectos como a trazabilidade e dixitalización da cadea de valor alimentaria, o desenvolvemento de novos produtos, os métodos e tecnoloxías de análise para a valoración das condicións organolépticas e o deseño ecoeficiente”.

A Xunta resolve as axudas do Plan Marco para o arranxo de accesos a parcelas

O Diario Oficial de Galicia (DOG) publica hoxe a resolución da Consellería do Medio Rural que fai públicas as axudas concedidas ao abeiro do Plan Marco para a mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2020-2021. En concreto, aprobáronse achegas por un valor de 11,06 millóns de euros, que se xestionarán a través da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader). A finalidade do plan, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural, é darlle un pulo ás condicións de vida nas aldeas mediante o acondicionamento das vías que dan acceso ás parcelas agrarias, que son as canles de entrada e saída das producións rurais. Co arranxo deses camiños, a Xunta contribúe á vertebración do territorio, dinamizando o tecido produtivo e mellorando a capacidade organizativa. As achegas van destinadas a facilitar-lles aos concellos a ampliación, mellora ou mantemento dos camiños que dan acceso a parcelas agrícolas, incluíndo tanto actuacións que supoñan un incremento da largura da vía, como o reforzo do firme e terraplén ou a limpeza das marxes.

A Xunta pide un reparto equitativo dos fondos da PAC entre autonomías

O conselleiro do Medio Rural, José González, participou por videoconferencia no Consello Consultivo de Política Agrícola para Asuntos Comunitarios, que estivo presidido polo ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, Luis Planas. Neste encontro, o conselleiro insistiu na defensa das principais teses de Galicia en relación coa Política Agrícola Común (PAC), co fin de garantir, no futuro, unhas achegas

adequadas de fondos comunitarios para que os agricultores, gandeiros e silvicultores galegos poidan manter unhas rendas dignas. En particular, José González amosou o interese da Xunta por coñecer como se realizará o reparto entre as diferentes comunidades autónomas das partidas correspondentes ao chamado instrumento de recuperación presentado pola UE a finais de maio pasado, para facer

fronte á crise da covid-19. Estes fondos permitirán aumentar o orzamento do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), para o conxunto da Europa comunitaria, nuns 7.500 millóns de euros, dos que arredor de 750 corresponderían a España. O seu obxectivo é axudar ás zonas rurais a introducir os cambios estruturais que require o denominado Pacto Verde Europeo.

HUMOR RURAL



TERRA CHÁ

Os monólogos de Historias no Camiño chegan á Terra Chá en outubro

O humor chega á Terra Chá da man de Historias no Camiño os días 9 e 10 de outubro.

Os espectáculos serán en Vilalba o día 9 ás 20.00 horas a cargo de Xan Veiga e, en Friol, o día 10 ás 18.00 horas estará Isabel Risco.

A APSX Sagrado Corazón de Lugo, entidade sen ánimo de lucro que organiza actividades de índole deportivo e cultural, puxo en marcha cofinanciado polo programa O Teu Xacobeo da Xunta de Galicia, o proxecto Historias no Camiño xa o ano pasado.

Consiste nun programa de 5 actuacións en clave de humor (monólogos) por 5 vilas ou cidades por onde pasa o Camiño de Santiago. O proxecto que se desenvolve entre o 26 de setembro e o 10 de outubro conta con artistas coma Pedro Brandariz, Pepo Suevos, Isabel Risco, Oswaldo Digón ou Xan Veiga.

As vilas e cidades onde serán as actuacións son Lugo, Vilalba, Friol, Mondoñedo e Sarria.

A covid-19 segue á baixa en contaxios pero as mortes duplicáronse nun mes

A presenza do coronavirus na provincia continúa á baixa, aínda que faino máis lentamente do que se estende. Tras sete meses de pandemia, na que houbo momentos con incidencia moi variada, a provincia mantén controlada a segunda onda, que se desenvolveu coa chegada do mes de agosto e que aínda que os casos activos nunca se descontrolaron si é certo que trouxo o repunte dos falecementos.

Nesta primeira semana de outubro hai 493 casos activos, que supoñen 317 menos que hai xusto un mes. Neste mesmo período de tempo producíronse 1.146 altas o que demostra que seguen aparecendo casos todos os días, aínda que os gromos que se detectaron nas residencias de maiores de O Incio e Outeiro de Rei están controlados malia ter causados estragos entre os residentes. En total foron contaxiadas nun mes 872 persoas na provincia. Por outra banda, detectouse tamén



A provincia está a ter datos máis favorables neste último mes

un brote en Meira, que afecta polo de agora a 16 persoas do mesmo núcleo familiar que están repartidas por varios concellos pero que tamén está controlado. O contaxio xestouse nunha comida familiar.

A presión hospitalaria mellorou moito xa que hai 32 persoas ingresadas cando hai un mes había 58. O Hula segue sendo o lugar onde se concen-

tran a maior parte dos casos, con algún caso en Polusa e nos comarcais de Monforte e da Mariña.

O dato máis sangrante foi que nun mes dobrouse o número de falecidos. Había 48 e agora xa son 91.

A Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade informa que, na última actualización, o número de casos activos de coronavi-

rus en Galicia é de pouco máis de 4.000, manténdose á baixa pero moi lentamente. Agora mesmo todas as provincias están baixando a súa incidencia, agás en Ourense e Barbadás, nas que se manteñen activos varios gromos e restricións de mobilidade.

VACINACIÓN. O Sergas anunciou a posta en marcha da habitual campaña de vacinación da gripe que este ano queren ampliar ao resto da poboación ante a previsible convivencia coa covid-19. Tal como lembra José López Castro, coordinador do Servizo de Medicina Interna do Hospital Público de Monforte de Lemos e membro de Sogami (Sociedade Galega de Medicina Interna), “a vacina prevén a enfermidade causada polo virus da gripe (Influenza) producindo unha redución da hospitalización e a mortalidade, sobre todo nas persoas con máis risco de enfermidade grave, e tamén reduce a carga asistencial sobre o sistema de saúde”.

Pol e Meira impulsan o programa de banco de casas, terras e negocios

Co obxectivo de loitar contra a despoboación e aproveitar os bens sen uso, o GDR3, ao que pertencen os concellos de Pol e Meira, pon en marcha unha plataforma para axudar a poñer estas propiedades a disposición de persoas interesadas.

O Banco de Terras de Galicia é un instrumento co que se pretende regular o uso e aproveitamento de parcelas con vocación agraria, co dobre obxectivo de evitar o seu abandono e de poñelas a disposición de todas aquelas persoas que necesiten terra para usos agrícolas, gandeiros, forestais, de conservación da natureza e patrimonio ou outros usos de interese social.

Deste xeito, os propietarios dunha casa, finca ou negocio sen uso e as persoas interesadas en vir ao rural poderán sumarse a este programa poñéndose en contacto co seu respectivo Concello ou a través do GDR no correo montes.vales.orientales@gmail.com.

Os interesados en participar poden informarse das terras dispoñíbles a través da web volveral-pueblo.org.

Comezan a andar dous novos servizos de atención temperá

A unidade de atención temperá que agrupa aos concellos de Friol, Palas de Rei, Guntín, Begonte e Rábade deu comezo cunha reunión dos alcaldes dos concellos integrantes e do equipo técnico mantida no Concello de Friol. Esta unidade prestará os seus servizos á poboación infantil de 0 a 6 anos, ás súas familias e á contorna para dar resposta o antes posible ás necesidades transitorias ou permanentes que presentan os nenos e nenas con trastornos no seu desenvolvemento ou que teñen risco de padecerlos.

Esta unidade, que conta co apoio da Xunta de Galicia, está formada por catro profesionais (logopeda, enfermeira, psicóloga e terapeuta ocupacional) que intervirán de forma interdisciplinar e transdisciplinar en coordinación co Servizo de Pediatría do Sergas no eido emocional, psicomotor, de linguaxe, de comunicación, etc do neno ou nena.

Aínda que o ámbito de actuación comprende aos concellos de Guntín, Begonte, Rábade, Palas de Rei e Friol será neste último onde estará centralizada a unidade. Trá-

tase de achegar un servizo prioritario e de calidade na atención á infancia á poboación do rural.

As familias que precisen información ou poñerse en contacto co servizo, podrán facelo no Departamento da unidade ubicada no edificio do Centro Sociocultural de Friol ou no teléfono 690.363.103.

OUTEIRO E CASTRO. A agrupación de concellos de Outeiro de Rei e Castro de Rei obtivo unha subvención da Consellería de Política Social para a posta en marcha do servizo de atención temperá nestes concellos, servizo que empezou a funcionar o 1 de agosto.

Na actualidade conta cun equipo de tres profesionais: unha logopeda, unha terapeuta ocupacional e unha psicóloga que prestan servizo na casa da cultura de Outeiro de Rei. O horario de atención ao público é de luns a venres de 10 a 14 horas.

Trátase dun servizo gratuito da agrupación de concellos de Outeiro de Rei e Castro de Rei, cofinanciado pola Unión Europea: Programa Operativo FSE Galicia 2014-2020.

A Deputación supervisa a estrada de Momán ás Pontes



O presidente da Deputación e o alcalde de Xermade, no Concello

O presidente da Deputación, José Tomé Roca, supervisou as obras de mellora que está acometendo na estrada LU-P-2204, que une o núcleo de Momán, en Xermade, coas Pontes, unha vía na que o organismo provincial investirá preto de 800.000.

Tomé Roca, responsable da área de Xestión Territorial, comprobou o estado das obras nun treito de 3 quilómetros, dende o punto 4 ao 7, xunto ao deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, e o alcalde de Xermade e deputado de Participación Cidadá, Roberto García Pernas.

O mandatario provincial explicou

que ditas actuacións, que contan cun investimento de 452.000 euros, forman parte da terceira fase de mellora nesta vía, e súmanse as xa feitas no arranxo dos 4 primeiros quilómetros, con outros 475.000 euros.

Ademais, José Tomé lembrou que a Xunta de Goberno vén de licitar o proxecto de mellora, por outros 340.000 euros, para arranxar case quilómetro e medio, entre os puntos quilométricos 7,000 e 8,340. Con esta última actuación, a Deputación mellorará máis de 8 quilómetros dos 9,7 que ten de lonxitude a vía, co que só restaría pouco máis dun quilómetro para o seu acondicionamento integral.

“Os problemas inmediatos son os derivados da covid-19”

Javier Arias é o novo delegado da Xunta para a provincia de Lugo

Coa toma de posesión tralas eleccións, o presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, fixo cambios na súa estrutura de Goberno. Un deles foi o nomeamento de Javier Arias como delegado da provincia en substitución de José Manuel Balseiro.

Con que obxectivos chega ao cargo de delegado da Xunta?

O meu principal obxectivo é ser útil aos veciños e veciñas da provincia, atender ás súas demandas e ser parte activa das solucións. Ese foi o mandato do presidente Feijóo tras a toma de posesión dos novos delegados territoriais e, ao meu entender, constitúe unha folla de ruta a seguir. A Xunta de Galicia é a Administración que máis inviste na provincia e o meu cometido é axudar a levar adiante os seus proxectos.

Cales son os obxectivos inmediatos?

Vivimos unha situación extraordinaria en todos os ámbitos, marcada pola pandemia e os seus efectos. Ante esta realidade que a todos nos preocupa, a prioridade da Xunta neste momento é traballar para atallar as consecuencias sanitarias, sociais e laborais derivadas da expansión do virus da covid-19. Para conseguilo debemos actuar en moitos ámbitos. Estabilizar a situación sanitaria é o obxectivo máis inmediato. A Xunta está actuando con rigor para atallar os abrochos, establecendo medidas proporcionadas en cada caso. O inicio do curso tamén estivo na nosa axenda nestes primeiros días; entendemos que están a funcionar razoablemente ben as medidas de seguridade e de reforzo adoptadas

nos centros, pero tamén nos anticipamos para dar resposta a un curso excepcional, cun protocolo que recolle distintos escenarios organizativos e académicos, e con medidas como o incremento do profesorado ou a distribución de dispositivos electrónicos para o alumnado -especialmente para as familias máis vulnerables-. Tamén nos preocupa a situación do tecido produtivo. Foron meses moi duros e hai que redobrar esforzos para recuperar os niveis de traballo e emprego. A Xunta habilitou liñas de axuda, para dotar de liquidez ás empresas, impulsar a súa dixitalización, ou mesmo para que desenvolvan solucións innovadoras ou fabriquen produtos relacionados.

Como se plantexa a relación con outras institucións?

Para min é unha prioridade que exista unha relación correcta entre administracións, xa sexa local, provincial, autonómica ou estatal. Estamos obrigados a entendernos, especialmente polo momento de pandemia no que vivimos, que esixe diálogo e bo entendemento entre as institucións. E neste punto poñerei todo o meu empeño, tal como xa dixen dende o primeiro día. Penso que os cidadáns non entendería outra forma de traballar. A sociedade que require que lles resolvamos os problemas, non xerar novos, e que traslademos certezas e confianza, evitando liortas. Temos que ser capaces de lograr consensos.

Que cambios quere traer na xestión feita ata o de agora?

Penso que temos que apostar por darlle continuidade ao traballo feito.

Teño que dicir que para min foi unha honra formar parte do equipo do anterior delegado territorial, José Manuel Balseiro, e tamén o é substituílo no cargo, feito que afronto como un reto. Vou ser un defensor das políticas da Xunta, porque tamén participo na súa xestión e no proceso de toma de decisións. Vou aplicar unha política de proximidade e saber escoitar. E tamén vou seguir traballando desde a cooperación institucional e a coordinación con outras administracións, coa man tendida, evitando no posible enfrontamentos pero sendo moi claro en defender os intereses dos lucenses.

En que sectores é necesario traballar máis?

O sector primario ten unha importancia capital na boa marcha da economía, polo que hai que continuar avanzando en aspectos como a innovación, o dimensionamento das explotacións ou o traballo colaborativo, que incrementan a súa competitividade e facilitan o relevo xeracional, tan necesario para fixar poboación no rural. Tamén é preciso impulsar o sector industrial, especialmente se vén da man do sector primario, industrias de transformación agroalimentarias que engadan valor aos nosos produtos agropecuarios. A Xunta xestiona programas de apoio para a creación e modernización destas empresas. Igualmente, debemos apoiar industrias ligadas ás novas tecnoloxías. Aí está o Polo Aeroespacial de Rozas, no que a Xunta prevé mobilizar outros 160 millóns de euros nos vindeiros cinco anos para transformar os resultados tecnolóxicos obtidos ata o de ago-



Javier Arias, novo delegado da Xunta de Galicia en Lugo

ra en desenvolvemento industrial e crecemento económico. En todo caso, o Goberno galego traballa intensamente con todo o tecido produtivo, especialmente na situación actual que tanto está afectando tamén no sector servizos a actividades como a hostalería ou o comercio. A Xunta quere ser o seu aliado.

Cales son os principais problemas que se deben tratar?

Como dixen, os problemas máis inmediatos son os derivados da pandemia; ese é o reto fundamental que enfrontamos agora mesmo. Pero o certo é que arrastramos dende hai tempo un grave problema de despoboamento do rural. É unha das cuestións que máis preocupa ao Goberno galego e créame que recibe un tratamento transversal e principal na acción política da Xunta. Actuamos en ámbitos como a reorganización da propiedade da terra para superar a tradicional fragmentación do agro, beneficios fiscais, medidas de fomento do emprego, extensión das infraestruturas e dos servizos sociais... A pandemia que estamos a sufrir revalorizou o rural porque seguiu traballando en beneficio de todos nós, porque presta servizos esenciais e este é un recoñecemento que lles debemos. No plano económico, establecemos incentivos para a implantación de empresas no rural

e programas específicos de fomento do emprego, como o Apror Rural. Colaboramos cos concellos en proxectos de mellora de infraestruturas e estamos a abrir recursos que antes non existían como as casas niño e as casas do maior, servizos cen por cen gratuítos para familias.

Cales son as carencias de Lugo?

Non se pode negar que unha das eivas de Lugo ten que ver coas comunicacións exteriores. Durante esta pandemia, vimos que o sector agrogandeiro, o da produción de alimentos está a aguantar mellor os efectos da crise que outras actividades económicas. Lugo precisa xa esa conexión por tren de alta velocidade coa meseta. Tamén temos que mellorar a comunicación co resto de Galicia. Van máis de vinte anos e aínda non está rematada a autovía Lugo-Santiago. E tampouco recuperamos aínda os servizos ferroviarios que perdemos por mor da pandemia. Non se pode dicir que non hai servizo porque non hai usuarios. É ao revés. Perdemos usuarios porque o servizo é deficitario. En contraste con iso a Xunta aposta polo desdoblamento do corredor a Sarria e pola mellora xeral do plan de transporte por autocar. A nivel autonómico, estamos a impulsar medidas para incentivar a natalidade e para asentar poboación no medio rural.

Empresas de Vilalba e Guitiriz reciben axudas para mellorar a súa eficiencia enerxética

A Xunta aprobou axudas por importe global de preto de 250.000 euros (249.563 euros) para dez empresas lucenses co fin de colaborar no desenvolvemento de actuacións de mellora da eficiencia enerxética. Este programa de axudas da Vicepresidencia económica e Consellería de Economía, Empresa e Innovación está destinado aos sectores industrial e de servizos e persegue un dobre obxectivo: utilizar o aforro enerxético como instrumento para a mellora da competitividade e o fomento do emprego, e impul-

sar unha xestión empresarial sustentable dende o punto de vista medioambiental. En concreto, na provincia de Lugo destina 78.700 euros a apoiar nove proxectos de seis empresas do sector servizos e 167.500 euros ás iniciativas de tres industrias; entre elas as chairegas de Guitiriz e Vilalba. As axudas rondan o 50% do investimento e entre as propostas que se financian destacan os cambios nos sistemas de iluminación e de caldeiras, así como doutro equipamento.

construferr

MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN E SANEAMENTO
PABLO RABADE PAREDES

Saneamietos, construción e ferretería

Avda. Terra Chá 112 - 114 - VILALBA (LUGO) - Telf: 982 511 200

DEPORTES

A Terceira División de fútbol comezará o 18 de outubro

A competición de Terceira División xa ten as súas Normas Reguladoras e Bases de Competición para a tempada 2020/2021, aprobadas pola Comisión Xestora da RFEF. Os clubs participantes, que na Terra Chá son CD As Pontes e Rácing Vilalbés, serán distribuídos en 18 grupos conforme a criterios de territorialidade, dividindo cada un deses grupos en subgrupos. Comezarán o próximo 18 de outubro e o prazo de inscrición de futbolistas xa rematou pero abrírase outro novo do 4 de xaneiro ao 1 de febreiro de 2021.

Tamén se detalla que os clubs poderán obter un número máximo de 22 licenzas de futbolistas no seu persoal, entre os cales non poderá haber máis de 16 xogadores maiores de 23 anos durante o transcurso de toda a tempada deportiva.

Entre as normas que se inclúen figuran a posibilidade de sentar no banco ata nove suplentes para facer ata cinco cambios en tres interrupcións do partido, ademais dunha substitución adicional en caso de prórroga nos playoffs de ascenso antes de ini-



A competición estivo á espera da normativa da covid-19

ciarse ou no descanso da mesma. Tamén, que os clubs deberán remitir á RFEF determinada documentación a efectos informativos e de valoración xeral do estado económico-financiero de cada unha das divisións e en aras a unha mellora dos mecanismos de control e salvagarda dos intereses da competición.

COVID-19. O documento inclúe unha serie de Disposicións extraordinarias pola pandemia da covid-19, comezando por unha “Sal-

vagarda xenérica” que indica que “o disposto nas presentes Bases ou Normas de competición pode verse modificado durante o transcurso da tempada por causa de forza maior” e que será “competencia da Comisión Delegada da Asemblea da RFEF a determinación da paralización e/ou da volta á competición en atención ás causas de forza maior que sobreveñan e a súa prolongación no tempo, salvo naqueles aspectos que a competencia fose do Xuíz/a de Competición”.

Miguel Alvariño gaña en Segovia e o Sílex queda terceiro en equipos

O seteiro pontés Miguel Alvariño fixo un dobrete no Gran Premio de España Ciudad de Segovia mentres que os integrantes do Club Sílex subíronse ao podio tamén como equipo.

Miguel Alvariño foi o encargado de subirse ao máis alto do podio na cita de recurvo. Neste mesmo cadro, os seus compañeiros Daniel González e Pedro Pina conseguiron acceder tamén ao cadro final. Precisamente Alvariño foi o verdugo de Pina en cuartos de final, mentres que González caeu no seu primeiro duelo directo por 4-6.

Estes tres tiradores puideron subirse todos xuntos ao podio na



Miguel Alvariño, durante a proba segoviana

competición por equipos. Nesta cita, o conxunto do Sílex Yumenoshima 20 embolsouse a medalla de bronce, despois de vencer neste último enfrontamento ao Villa de Valdemoro.

Os ponteses quedaron fóra da

final tras caer ante o Almussafes Xics. Mentres, na competición de arco composto, Xaquín Mira, que chegaba despois de facerse co bronce no Campionato de España, quedou nesta ocasión ás portas do podio. O pontés terminou quinto.

O Rallye San Froilán pasará por Outeiro de Rei e Friol

A Escudería Miño - Lugo organiza o 42º Rallye San Froilán que se desenvolverá a fin de semana do 16 e 17 de outubro.

A organización do rallye xa avanzou que haberá tres tramos, dous deles na Terra Chá, xa que volven pasar por Outeiro de Rei e por Friol, ademais do Corgo.

O rallye contará co parque pechado do aparcadoiro do auditorio Gustavo Freire e o parque de asistencia do polígono industrial de Outeiro de Rei.

Na xornada do venres 25 levaranse a cabo desde as 16.00 horas as correspondentes verificacións técnicas e administrativas en Lugo.

O sábado 26, disputaranse todas as probas do rallye que comezará ás 8.00 horas dende Outeiro de



Rei. Ás 23.30 horas publicaranse os gañadores.

Este ano, haberá varias novidades con motivo da incidencia da covid-19.

Manuel Trevín gaña o primeiro Slalom Concello de Guitiriz



Manuel Trevín, no podio do Slalom gutiricense

Manuel Trevín, piloto del Scratch Fene, cun tempo de 1:41:378, convertiuse no gañador do I Slalom Concello de Guitiriz que tivo lugar no termo municipal e no que participaron 29 equipos. O tamén subcampión galego quedou por diante de Daniel Lamas, compañeiro de equipo, cun tempo de 1:42:185 e

Diego González, que parou o cronómetro en 1:43:703. A sesión deportiva, que se celebrou con todas as medidas de seguridade para evitar aglomeracións, concluíu coa entrega de trofeos a cargo da alcaldesa, Marisol Morandeira, e a primeira tenente de alcaldesa, Paula Campo.



VOLANTE DEPUTACIÓN. Carlos Rodríguez Casanova foi o vencedor do premio Volante Deputación, que se disputou ao longo da fin de semana do 3 e 4 de outubro, no circuito da Pastoriza e no que se poñía en xogo unha praza para competir na vindeira edición do Rallye San Froilán.

Rúa dos Capiteiros, 29-31
Pol. Ind. do Coto - Lugo

Tel/Fax 982 267 323
info@cristalerialucense.com

O mellor do fútbol sala prepárase

Clubs como Castro e Vilalba FS comezan os adestramentos á espera dunha competición que só ten data para as categorías nacionais

CASTRO. O FSF Castro volveu aos adestramentos tralo parón obrigado de varios meses debido á pandemia de covid-19. Durante os meses de verán, o club preparou as súas filas con moitos cambios.

O primeiro foi a baixa do seu adestrador de Segunda División Feminina, Martínez, que levou o equipo ao ascenso hai dúas tempadas e o deixou situado en quinta posición antes do parón, ademais do título de campioas da Copa Deputación.

Contra esta baixa incorporan a Manuel Lombardía, Manu, que pasará a ser o adestrador en Segunda División.

Xavi renova tamén como mestrer dos equipos base de Primeira Galicia, o mesmo que Xosé Varela seguirá como delegado. Niky continuará como preparador físico e Sergio Veiga incorpórase ao corpo técnico. Ángel chega ao Bloques Cando FSF Castro para cuidar dos e das xogadores e David continuará a ser o adestrador de porteiras. Con respecto aos equipos, en Segunda División renovan Lara, Saínza, Vero, Area, Andrea Pasto, Ana López, Uxía Díaz e Sandriña. Tamén confirmaron a continuación de Cortón, Noelia, Eva, Uxía Fonsa, Rosalía Rosi, Jenny, Noa, Irene, Lu e Ce. En categorías inferiores renovaron tamén Carla, Paula, Karem, Antía, Aurora, Uxía, Selene, Marta, Ainara, Zoe, Mencía, Mara, Aroa e Iria. Entre as fichaxes destaca a incorporación de Aroa, irmá de Adrián Pirata, Nerea Lombardero, Ana Pérez, Zaida, Noe Pires e Antía.

ADC SAN XOÁN. O equipo sénior masculino de fútbol sala da ADC San Xoán de Guitiriz continuará unha tempada máis en Preferente. Cando se formou este club, un dos seus principais obxectivos era darlle



Arriba, o FSF Castro e, abaixo, o Vilalba FS

un espazo onde poder desfrutar do fútbol sala ós rapaces e rapazas en categoría sénior de Guitiriz. Deste modo, anunciaron que este obxectivo vese máis cumprido que nunca ao poder contar para a tempada 2020-2021 cunha plantilla masculina integrada na súa totalidade por xogadores do Concello de Guitiriz e que todos pasaron polas escolas deportivas do pobo.

Así, do ano pasado renovan xogadores como Esteban, Manel, Suso, Adri, Álex, Campello, Toki, Christian, Nimbo e Xabi. No capítulo de altas, súmanse ás filas do equipo Asier, Diego, Diego Alvarinho Piti e Alberto, que dá o salto dende a categoría xuvenil.

Entre as baixas figuran a de Ángel, Anxo, Ivis e Manolito como xogadores e de Carlos como adestrador. Este ano tampouco haberá equipo feminino debido a que as xogadoras que quedan non son suficientes. Finalmente, Manuel Martínez Maradona farase cargo do adestramento do equipo sénior masculino trala baixa de Carlos.

LAGO. O Lago DVSPORT vén de conformar o equipo que militará na categoría sénior de fútbol sala e que arrincará a liga na categoría Primeira Galicia. Este é o ano do seu debut. O obxectivo co que foi creado é que os xogadores xuvenís poidan ter

continuidade despois da súa etapa de formación, eles serán o alicerce básico deste equipo e “pretendemos que sexa o espello no que se miren todos os xogadores da base para algún día chegar a formar parte del”, explican dende o club.

Hai meses que a dirección deportiva de Lago DVSPORT está a traballar na confección deste equipo e varios xogadores xuvenís vestirán a próxima tempada a camiseta do sénior. “O obxectivo é formar o persoal integramente con xogadores locais”, indicou. A coordinación do club estará en marcha de Diego Paz e Senén Bouza mentres que os adestradores do primeiro equipo serán o mesmo Diego Paz e Andy Pérez.

O corpo técnico para as categorías inferiores está formado por Pedro, Vázquez, Diego Pellón, Deni Martínez, Hugo Ferreiro, Jairo Campo, Pablo Fernández, Rebeca Silvé, Jacobo Barro, Dani Purriños, David Carballo, Santi Rouco, Javi Meizoso, Iván Pellón e Kevin González.

O equipo conta xa cunha ampla presenza de xogadores ponteses. A última incorporación foi a Anxo Crende, trala de Hugo Ferreiro, que se ocupará da portería xunto a Alberto e Kevin. Ademais, tamén están no campo Pelu, Dani, Pablo Fernández, Pablo López, Jacobo, Santi, Manu, Blanco, Jorge e Fran, todos eles xogadores locais.

Ademais, o club contará de novo con equipos en categorías inferiores como xuvenil, infantil, alevín feminino e masculino, benxamín, prebenxamín e biberón. Ademais, manterán a escola de porteiros para a que hai prazo aberto para anotarse.

VILALBA FS. O equipo sénior masculino do Vilalba FS de Terceira División comezou xa os seus adestramentos.

Respecto á tempada anterior o Valdesuso Peugeot Vilalba FS tivo as baixas de Iago, Asier, Jose López, Pablito Villar, Xosé e Ayalita. Por outra banda, renovaron Juan Rivero, Nuno, Iván Gago, Antón, Aitor, Paulo e Chafa que rematou a etapa de xuvenil, a eles hai que engadir as incorporacións de Coe, Fede, Iago Fariñas, Mario e Isma aínda que non se descarta algunha outra fichaxe. Facendo a pretempada tamén están tres xogadores do equipo xuvenil: Adrián, Hugo e Tini. Outra novidade no corpo técnico é a incorporación de Leo e Miguel para axudar ao adestrador Quini o cal comeza a súa segunda tempada no banco vilalbés. Por outra banda o equipo sénior feminino e o xuvenil agardan a saber si haberá competición para iniciar os adestramentos.

INSUAS DO MIÑO. Outro dos conxuntos que espera o inicio da tempada é o Insuas do Miño de Rábade FS, que xa ten o equipo listo para seguir loitando en Preferente. O conxunto sumou novas figuras esta tempada como Xico, que se incorpora dende o Begonte, onde conseguiu o ascenso a pasada tempada a Terceira División. Tamén se incorporou Diego Díaz, que conta con experiencia no fútbol sala xa que xogou en categorías inferiores en Cospeito e no xuvenil do Esteo FS de División de Honra, ademais de militar en varios equipos de fútbol campo tanto en categoría xuvenil como sénior.

Pola contra, deixa o equipo por motivos laborais David Lage e renovaron Josito, Antón, Chechu, Marcos, Michael, Martín Novo, Suso e os campións, Adri Varela, Sergio e Javi. Christian Costoya continuará dirixindo o conxunto.

A competición volve este mes

Despois de moito debate e tras a publicación dun protocolo de actuación durante adestramentos e partidos, a Comisión Xestora da Real Federación Española de Fútbol reuniuse para aprobar as normas reguladoras, as bases de competición e as datas de inicio do fútbol e fútbol sala federativos. Na Segunda RFEF Futsal Feminina, na que participa o FSF Castro con inicio a mediados de mes, concretamente a fin de semana do 17 e 18, a competición desenvolverase con 4 grupos, divididos en subgrupos. Ascenderán directamente a Primeira RFEF Futsal Feminina dous equipos. Ademais, outros dous equipos xogarán a Fase de Promoción.

Clasificaranse 14 equipos para participar na Copa de S.M. A Raíña da tempada 2021/2022. No referente a División de Honra Xuvenil de Fútbol sala, a competición desenvolverase con 8 grupos, divididos en subgrupos. Clasificaranse 16 equipos para participar na fase previa da Copa de España Xuvenil de Fútbol sala, torneo ao que accederán os 8 equipos finalistas. O grupo de Galicia-León contará 10 equipos co ascenso do Concello de Begonte que se suma a os outros tres representantes da provincia, o Burela, Concello de Guitiriz e Lugo Sala. A data de inicio será tamén o 17 e 18 de outubro.

A túa NOVA vida ben amoblada

GAÑA UN COCHE

Mercando en Mobelrias

PARTICIPA NO SORTEO

www.cochemobelrias.es

PLAmoble

Avda. Terra Cha, 35-37 - Vilalba

COLABORACIÓN

Malos presaxios

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

Cando saia publicado o número do xornal, terán pasado un par de semanas da elaboración deste artigo, polo que non sería de estranar que se producisen novas importantes en relación á situación da factoría Alcoa, ubicada na localidade de San Cibrao.

Como é público e notorio, a ameaza de peche está sobre a mesa, coa terrible consecuencia en perdas de postos de traballo, sobre cinco centos directos e outros tantos que traballan en empresas au-

xiliares, as cales tampouco resultarían viables se a empresa matriz botase o ferrollo de forma definitiva. Unha hipótese esta que só con imaxinala produce auténtico terror, non só pola consecuencia inmediata de que toda esa masa laboral perdese o seu traballo, xa de por si grave, senón tamén polas derivacións económicas que tería para a comarca da Mariña e tamén para o conxunto da provincia de Lugo.

Moito se ten falado nestes últimos meses; escóitanse as divagacións dos responsables políticos do máis alto nivel, botando as culpas uns a outros moi dilixentemente, mais sen ser quen de atopar solucións. Por outra parte, os directamente implicados, os operarios, que por

boca dos seus representantes transmiten a angustia dos que ven perigar os seus traballos sen que ningún o remedie, co que iso supón para eles e para as súas familias. En terceiro lugar, a propia poboación da zona, que observa atónita como pode desaparecer un dos motores económicos de toda unha bisbarra. En último lugar, os argumentos dos propietarios, os cales se cinguen a criterios de resultado: O negocio dá perdas importantes, polo que deixa de ser rendible. En consecuencia, a multinacional —o que é Alcoa, non o esquezamos—, desaparece do escenario e marcha. Alega que o prezo excesivo da enerxía fai insostible a súa continuidade, xa que ven sendo, segundo as súas propias manifestacións, entorno ó corenta por

cento dos custes totais.

Recoñecemos a complexidade do asunto e polo tanto as extremas dificultades de atopar solucións. Custa crer que todo ese complexo industrial, posto en marcha hai catro décadas, se apague de forma definitiva. Como se sinalaba antes, A Mariña recibe unha gran labazada, pero tamén o resto da provincia, incluído nosoutros, xa que tamén un bo número de chairgos traballaron aí en todos estes anos. Difícil de entender para moitos que unha empresa destas características fose en principio pública e que logo, por decisión do goberno de turno, se privatizase, percibindo máis tarde subvencións millonarias, para que finalmente diga adeus e marche deixando de-

solación onde existe riqueza.

Son malos presaxios para a Nosa Terra, que adoeceu tradicionalmente dun falla de industrialización, sobre todo en amplas zonas, derivando nunha masiva e constante emigración cara outros lugares onde si existían posibilidades de prosperidade.

A agricultura e gandeiría —tamén o sector pesqueiro—, probablemente dean para máis do que están dando, pero non nos chamemos a enganos, tampouco para moito máis. E sobre o turismo, xa coñecemos a principal característica en materia de emprego, a estacionalidade. Non se pode vivir producindo só tres meses no ano.

Ogallá non levemos o enésimo pau na cabeza.

Primeiras fendas do franquismo

A CASA DOS MARIOS



Moncho Paz

A década de 1960 comezou en Vilalba coa toma de posesión como alcalde de Filiberto Álvarez Marín, até daquela xefe de Correos na capital chairga. Permaneceu no cargo ata 1969. Moi comentada nesa época foi unha anécdota que protagonizou co gobernador civil de Lugo, José del Valle Vázquez, unha calorosa tarde na que este regresaba dunha visita a Abadín e decidira facer unha parada en Vilalba para tomar un refrixerio no bar Roca. Ao saír agardáboo o seu chofer, de apelido Chilaes, que abriu a porta apresurado para que a autoridade competente subira ao asento traseiro do coche oficial. Coincidiu que naquel preciso instante pasaba por alí o alcalde e, ao velo, o mandatario provincial baixou de súpeto do vehículo para parolar, circunstancia da que non se decatou Chilaes, que arrancou decidido cara a Lugo, comprobando ao chegar que “perdera” ao gobernador no traxecto. Abraiado, botou as mans á cabeza e volveu ás presas para desandar o camiño a Vilalba, onde unha gargallada do representante goberamental lle devolveu a tranquilidade, pois o pobre home pensaba que o seu xefe caera do coche e ben podía estar ti-

rado en calquera cuneta. No fondo, o despiste de Chilaes veulle ben ao gobernador, que aproveitou para visitar co primeiro edil as obras de restauración da Torre da Homenaxe do Castelo dos Andrade, en proceso de transformación para convertela nun Parador de Turismo por mandato de Manuel Fraga, quen daquela era dos máis destacados ministros da ditadura e o responsable da operación propagandística dos “Vinte e cinco anos de paz”.

Como dicía o meu avó, “nas cunetas están outros”. E tiveron que pasar máis de trinta anos dende a morte de Franco para que se establecesen legalmente as medidas a favor dos que padeceron persecución ou violencia durante a guerra civil e a ditadura. Así o reflectiu con dor na alma Luis Pimentel nos seus versos: “Outra vez, outra vez o terror! / Un día e outro día / sen campáns, sen protesta / Galicia ametrallada nas cunetas / dos seus caminos (...)”. O poema Cunetas, inédito en vida de Pimentel, publicábase por vez primeira en 1966, incluído no libro Galicia hoy (editado por Ruedo Ibérico) e que foi distribuído en Francia e Arxentina. Aquí era imposible atopalo nas librerías.

Volvendo á visita inesperada do gobernador, dicir que estas aparicións repentinas non eran gratuítas, senón bastante ilustrativas do costume que tiñan estes persoeiros do réxime cando visitaban periodicamente vilas e cidades, a maioría das



vezes sen aviso previo, mesturando o público e o privado sen rubor de ningún tipo. Os gobernadores civís eran os homes fortes do franquismo, e entre as súas competencias estaba precisamente a de nomear aos alcaldes. Pola súa banda, os concelleiros debían ser designados por terceiras partes do seguinte xeito: por elección da veciñanza entre o censo dos cabezas de familia (terzo familiar); por elección dos organismos sindicais do municipio (terzo sindical); e por elección entre entidades económicas, culturais e profesionais da vila, cunha lista de candidatos que propoñía o gobernador civil ao Concello (terzo corporativo). Naquel tempo, Vilalba estaba a recuperar o seu ambiente cultural, tras os anos de casino e de fútbol

da posguerra. Aínda que no relativo á tradición xornalística había unha sequidade total, en comparación cos primeiros lustros do século —agora soamente se distribuía a Folla Parroquial—, non podemos dicir o mesmo da afección musical, que na nosa vila vén de lonxe, pois dende finais do XIX contou sempre con bandas de música e numerosas agrupacións corais. En 1962 xorde a Masa Coral Vilalbesa, que estivo dirixida por Alfonso de la Torre Piñeiro e acadou gran renome tras a súa primeira actuación no teatro da Acción Católica. Estaba integrada só por homes, entre os que se atopaba o propio alcalde, e outros veciños como Ramiro Mosquera, Chao Cobo, Suso Trastoy e o seu curmán Raúl, Xosé M^a García Leira, Carlos

Fraga, Humberto Pulpeiro, Antonio López (Botes), Manolo “o Nervio” e Ánxel do Santo, coñecido como “Lilán”. Cousa de homes foi tamén a Festa dos Pepes, celebración creada por José Apenela en 1961 e onde tampouco tiñan cabida as mulleres. E, musicalmente falando, non podemos esquecer os guateques, aqueles encontros nos que un espazo común, un tocadiscos e amigos e amigas do instituto reuníanse para merendar, bailar e, sobre todo, conquistar. Podían celebrarse na casa, nun garaxe ou nun local alugado expresamente para elo, coma o salón de baile do vello Locas ou o bar Tamanaco. Eran momentos de lecer e de esperanza contida, onde o aire entraba a través de xanelas abertas que amosaban as primeiras fendas do franquismo.

Outro cambio destacable no decenio foi a proliferación de vehículos utilitarios. A chegada do Seat 600 e outros modelos da época fixeron posible que se cumprira o soño de moitas familias de pasar unhas vacacións xunto ao mar. Arrancou así o ‘boom’ turístico —destes anos é o slogan Spain is different!— e xurdiron anuncios publicitarios de todo tipo nos medios de comunicación. Por exemplo, o Simca 1000 lanzouse en 1965 baixo o reclamo “cinco prazas con nervio”, unha estratexia comercial que tivo ampla repercusión. De feito, o Chavito mercou un ao ano seguinte e foi o coche da nosa infancia.

Na lembranza do amigo Manuel Domínguez Rial

FAÍSCAS QUE ESPALLA O VENTO



Raul Río

O día 11 do xullo pasado fixo un ano do falecemento en Santiago do vello amigo, Manuel Domínguez Rial, un loitador que levaba Galiza no corazón, pero sendo moi novo tivo que emigrar da súa querida terra. Primeiro en Bilbao, onde colleu conciencia social e política, e sete anos mais tarde, coa súa inseparable compañeira Lola, fóronse para Suíza, á que chegaron sen papeis e na que el pasou 23 anos traballando de mecánico e a súa compañeira de cociñeira.

Coñecino e empecei a tratalo aló polos anos 1977 ou 1978, cando aínda se atopaba na Suíza. Foi en Santiago, nas xuntanzas da emigración polos Días da Patria, aproveitando as vacacións do verán que pasabamos na Galiza. Mais tarde, ao regresar definitivamente á terra, viña con asiduidade polos Vilares de Díaz Castro a visitar a un irmán da súa compañeira, que estaba casado con unha veciña desa parroquia dos trapeiros. Viña polas festas do

San Vicente e da Pascua, pero tamén noutras ocasións. Si vía que me atopaba en Galiza, paraba na miña casa para facerme unha visita e falabamos un pouco dos problemas políticos e sociais que nos traían os tempos, dos avances e retrocesos; deses pasos adiante e outros atrás que dicía o poeta vilarego.

Cando estaba na Suíza o seu corazón e o seu pensamento estaban na Galiza. Cria nas potencialidades da nosa patria e dicía que non eran menos que as dun cantón suízo, afirmando que a riqueza que temos nas rías non a vira en ningures. Ao virse definitivamente contoume que tiña pensado facer unha piscifactoría para criar rodaballos, pero daquela dirixía a Xunta o "Gran Timonel", que non estaba pola labor de deixarlle facer ese tipo de negocios si non era a unha multinacional na que logo puideran entrar os seus amigos pola porta xiratoria no consello de administración.

A mediados dos anos 90, establécese en Santiago e, despois de patear toda Galiza para buscar apoios, funda a Asociación de Emigrantes Retornados "Marusía" da que foi Presidente desde a súa fundación ata o seu fale-



cemento. Xunto coa asociación, fundou tamén unha revista que levaba o mesmo nome, da que el era tamén coordinador, e que sempre me pasaba unhas cantas cando viña polos Vilares, para que repartira entre os emigrantes de Euskal Herria.

Tanto a Asociación como a revista creáronse co fin de procurar un lugar de encontro entre ese colectivo e loitar polos seus dereitos. Unha desas loitas que levaron a cabo foi oporse a decisión do goberno español de cobrarlles retroactivamente aos emigrantes polas pensións que recibían dos países aos que tiveron que emigrar. Entendía que

non había porque declarar as pensións do estranxeiro e non podía permitir que Montoro fixera caixa con eles mentres aplicaba a amnistía fiscal e o diñeiro da corrupción seguía agachado en Xenebra. "Eles que non puxeron nada que non fora obrigarnos a marchar, debido as súas políticas económicas antigalegas, aínda querían sacar talle-da", dicía.

Outra mobilización importante, que por iniciativa del levou a cabo esta Asociación, foi polos dereitos sanitarios plenos, ao ver como a fibromialxia, recoñecida como enfermidade na Suíza, non se consideraba como tal no

Estado Español, pero, ademais diso, seguiu a traballar dentro do nacionalismo, presentándose de candidato a concelleiro do Axuntamento Santiago nas municipais do 2015 e, xa enfermo, aínda participou na campaña das municipais e europeas do 26 de maio do ano pasado.

As súas actividades abranguían todo tipo de asociacionismo e non deixou de lado o sindicalismo, axudando á CIG en calquera loita que se dera; nin a actividade cultural, colaborando incansablemente coa asociación cultural O Galo e coa Mesa pola Normalización Lingüística, sendo o primeiro corredor dun vídeo feito por esta organización.

Fóisenos un home que amaba a súa patria, pero deixou tamén miles e miles de amigos entre os que tivemos a sorte de tratalo e coñecelo. Un home que loitou toda a súa vida polas causas máis xustas e máis nobres. Un dos imprescindibles, que dixo Bertolt Brecht na súa famosa poesía, un home que deixou un oco moi difícil de encher con outra persoa. Aínda así, seguiremos coa súa loita, porque é a mellor homenaxe que lle podemos facer e eu sempre me lembrarei del en cada batalla.

TELÉFONOS DE INTERESE

ABADÍN

Concello: 982 50 80 21
Garda Civil: 982 50 80 11
Centro de Saúde: 982 50 81 22

A PASTORIZA

Concello: 982 33 21 97 / 982 33 21 60
Garda Civil: 982 34 90 20
Centro de Saúde: 982 33 21 41

AS PONTES

Concello: 981 45 31 16
Policía Local: 981 45 31 91
Garda Civil: 981 45 00 05
Centro de Saúde (cita previa): 981 45 12 51

BEGONTE

Concello: 982 39 61 43
Garda Civil: 982 39 80 08
Centro de Saúde: 982 39 69 02

CASTRO DE REI

Concello: 982 31 40 34 / 982 31 41 32
Garda Civil: 982 31 40 02
Centros de Saúde (cita previa): 982 21 10 18
Castro de Rei: 982 31 42 11
Ribeiras de Lea: 982 31 11 14

COSPEITO

Concello: 982 52 00 01 / 982 50 40 57
Garda Civil: 982 52 00 17
Centro de Saúde (cita previa): 982 52 01 20
Feira do Monte: 982 50 34 69
Consultorio de Muimenta: 982 50 40 57

FRIOL

Concello: 982 37 50 01
Garda Civil: 982 37 50 02
Centro de Saúde: 982 37 10 98
Cita Previa: 982 37 10 05

GUITIRIZ

Concello: 982 37 01 09 / 982 37 58 00
Garda Civil: 982 37 00 01
Centro de Saúde: 982 37 21 10
Parga P.A.C.: 982 37 05 00

MEIRA

Concello: 982 33 01 02
Garda Civil: 982 33 00 04
Centro de Saúde: 982 35 69 27
Cita previa: 982 33 02 40

MURAS

Concello: 982 50 00 01
Garda Civil: 982 50 00 20
Centro de Saúde: 982 50 01 23

OUTEIRO DE REI

Concello: 982 39 32 81 / 982 39 30 55
Garda Civil: 982 39 00 05
Ambulancia: 982 23 16 13
Centro de Saúde: 982 39 25 98
Cita previa: 982 39 32 67
P.A.C.: 982 39 34 00

POL

Concello: 982 34 50 29
Garda Civil: 982 33 00 04
Centro de Saúde: 982 34 59 20 / 982 34 53 76

RÁBADA

Concello: 982 39 00 62 / 982 39 00 52
Garda Civil: 982 39 00 05
Centro de Saúde: 982 39 01 01

RIOTORTO

Concello: 982 34 62 22
Garda Civil: 982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63

VILALBA

Concello: 982 51 03 05 / 982 51 07 16
Policía Local: 982 51 07 67 / 608 08 00 50
Garda Civil: 982 51 03 07
Centro de Saúde (cita previa): 982 51 03 11

XERMADE

Concello: 982 50 10 01 / 982 50 20 03
/ 982 50 10 27
Garda Civil: 982 50 10 08
Centro de Saúde: 982 50 11 34 / 982 50 10 55

+ Teléfonos: www.terrachaxa.com



Emerxencias: 112
Urxencias Sanitarias: 061

TELÉFONOS DE INTERESE

Incendios Forestais: 085
Garda Civil: 062



terracháxa
xornal independente da chaira www.terrachaxa.com

Para calquera suxestión,
información ou comentario
non dubide en poñerse
en contacto con nós.

Teléfono: 661 464 323

redaccion@terrachaxa.com



Edición: PORTAS COMUNICACIÓN SL
Dirección: Diego E. García Puente
Teléfono: 673 903 924 - 982 510 335
E-mail: redaccion@terrachaxa.com
Impresión: Tameiga Publicacións SL
Dep. Legal: LU-517-03



DEPUTACIÓN

Guitiriz solicitou as achegas do plan de mantemento de faixas de biomasa



Guitiriz, xunto a outros concellos da provincia, respondeu á primeira convocatoria do plan de axudas ao mantemento de faixas de biomasa O Que Non Arde, impulsado pola área de Medio Rural da Deputación Provincial de Lugo.

Os concellos terán que achegar a documentación para acreditaren o cumprimento da normativa de prevención de incendios forestais, requisito necesario para acceder ás axudas, dirixidas a financiar a roza das masas forestais nos laterais das redes viarias municipais e a repoboación das faixas de xestión de biomasa con árbores autóctonas.

Os proxectos presentados serán estudados por unha comisión técnica, que avaliará tanto a súa calidade técnica como outros criterios cuantitativos, como o control dos incumprimentos da normativa en materia das obrigas de xestión da biomasa vexetal, ou as accións de execución subsidiaria e procedementos sancionadores realizados dende o propio Concello.

Acordo para a desinfección dos colexios e ampliación de prazos do Plan Único

A Deputación de Lugo reclamará á Xunta de Galicia que asuma as labores de desinfección derivadas da pandemia da Covid-19 nos centros educativos porque, segundo o Estatuto de Autonomía, ten as competencias tanto en materia educativa, como sanitaria. Así se decidiu na sesión ordinaria do pleno provincial do mes de setembro celebrada hoxe a través dunha proposta presentada polo Goberno provincial, na que se abstivo o PP.

O Deputado de Cooperación cos Concellos, Xosé María Arias, asegurou que os concellos “están asfixiados por un problema de xestión autonómica, asumen custos de desinfección dos centros de ensino e non teñen medios nin información sobre como proceder”, asegurou. “A Xunta xoga a camuflar as competencias de desinfección nas de limpeza, que son moi diferentes, como se a desinfección específica derivada das necesidades dunha emerxencia sanitaria puidese asimilarse ás tarefas de desinfeccións asociadas á actividade normal dos comedores escolares ou limpeza de aseos”, manifestou o Deputado.

Arias amosou o rexeitamento do Goberno da Deputación pola improvisación, falta de diálogo e a atribución de competencias impropias aos concellos na aplicación do protocolo Covid-19 no ensino. “É necesario que a Xunta de Galicia abra un proceso de diálogo urxente coa comunidade educativa e a FEGAMP co fin de resolver os problemas derivados do protocolo, elaborado de maneira unilateral pola Xunta”. O Pleno tamén instou á administración autonómica



O equipo de Goberno, antes de entrar no Pleno da Deputación

a presentar un plan estratéxico sobre como empregar os 93M€ que recibirá do Estado a través do fondo Covid.

AMPLIACIÓN DOS PRAZOS DO PLAN ÚNICO 2019. A Corporación provincial aprobou por unanimidade ampliar os prazos de execución e xustificación do Plan Único 2019. “Queremos entender as necesidades dos concellos, ser comprensivos, e ser realistas coa situación que estamos a vivir, por iso decidimos flexibilizar os prazos para que lles dea tempo a executar e xustificar”, subliñou a voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto. O prazo de execución queda establecido no 31 de outubro do 2020 e o de xustificación no 15 de novembro de 2020.

CESIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS. O Pleno da Deputación tamén lle deu o visto bo á cesión de vías provinciais aos concellos da Pontenova, Xermade, Ribeira de Piquín e Lugo. No caso da Pontenova, pasa a ser de titularidade municipal a estrada LU-P-4805, que une Boulloso con Dodrín e Figueirúa, debido a que comunica estes tres núcleos de poboación da parroquia de Conforto sen continuidade cara outros núcleos, nin comunicando con ningunha outra estrada que non sexa municipal.

En Xermade, a Deputación cede un pequeno treito da LU-P-2209 de Cabreiros a Touza, na intersección coa estrada LU-861. No caso de Ribeira de Piquín, cámbiase a titularidade da vía LU-P-5403, que vai de Santalla a Piquín. E en Lugo, cédense dous treitos dos viais das estradas provinciais LU-P-2902 e LU-P-2924, pois teñen vocación de converterse a curto prazo en estradas de carácter urbano.

CAMIÑO DO MAR. Aprobada por unanimidade unha proposta do Grupo Provincial Socialista para solicitarlle á Xunta de Galicia que recoñeza o carácter oficial como ruta Xacobeas do coñecido como Camiño do Mar, que discorre polos municipios de Ribadeo, Barreiros, Foz, Burela, Cervo,

Xove, Viveiro e O Vicedo, e prosigue polos coruñeses de Mañón, Cariño, Ortigueira, Cedeira, Valdoviño e Narón ata Neda.

A Deputada María Loureiro asegurou que esta “é unha nova mostra de desidia do Goberno autonómico cos municipios da Mariña, porque hai 10 anos que dende a Deputación instamos por unanimidade a que se fixera este recoñecemento e tamén houbo outra iniciativa no Parlamento que se aprobou co apoio de todos os grupos no mesmos sentido. Unha década despois non se fixo nada”. Loureiro engadiu que “este recoñecemento serviría para reactivar a economía dos municipios que está tan afectada logo dunha etapa difícil e que lle permitiría entrar nos fluxos turísticos do Ano Santo”.

Esta oficialización, explicou a Deputada, serviría como unha ferramenta de modernización e dinamización do turismo tanto de pegada nacional como internacional. “É o momento de implicarse coa comarca, sería un xesto moi acaído e necesario para apoiar o turismo e a cultura dos concellos mariñáns, que están atravesando momentos moi difíciles pola Covid-19 e pola situación de Alcoa”, manifestou Loureiro.

PP. O portavoz popular, Javier Castiñeira, criticou a decisión do equipo de goberno de non apoiar a proposición que presentou o seu grupo para solicitar a rebaxa do prezo do solo industrial nos polígonos que xestionan na provincia a Entidade Pública Empresarial de Suelo (Sepes) e Suelo Empresarial del Atlántico (SEA).

Aberto o prazo para solicitar as axudas para deportistas individuais

O pasado luns 28 de setembro abriu o prazo para solicitar as bolsas para deportistas de modalidades individuais que convoca a área de Deportes e que contan cun orzamento de 85.500 euros.

As axudas oscilarán entre os 300 e os 1.500 euros, en función dos resultados que teñan acadados en competicións internacionais, estatais e galegas

durante o ano 2019. Outorgaranse un total de 185 bolsas; trece delas están reservadas a deportistas con capacidades diferentes.

O prazo para solicitar as axudas é de 10 días hábiles, polo que rematará o vindeiro 9 de outubro. As solicitudes deberán tramitarse a través da sede electrónica da Deputación de Lugo.

Máis de 660 nenos desfrutaron das oito actividades fluviais

A Deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, fixo balance das actividades gratuítas de lecer que organizou entre agosto e mediados de setembro en espazos fluviais dos concellos da Pontenova, Trabada, Alfóz, Guitiriz e Navia de Suarna.

García Porto sinalou que “estas xornadas que dende a Deputación de Lugo adaptamos á nova normalidade co fin de promocionar o turismo de proximidade e de natureza desenvolvéronse sen incidencias. Foron un total de 664 nenos e nenas, nun



Unha das actividades desenvolvidas este verán

rango amplo de idade, os que se achegaron ás diferentes actividades acuáticas de kaiak, paddle surf, in-

chables e outros xogos nas contornas fluviais, o que significa que este proposta tivo unha boa acollida”.

AXENDA

CURSOS

INFORMÁTICA

Centro sociocultural Avelino
Díaz de Ríotorto

ZUMBA E PILATES

Martes e venres
Piscina da Pastoriza

FAINO TI MESMO

A partir do 2 de novembro
Luns, Escola do Calvario de
Cazás
Venres, Casa Escola de Miraz
Sábados, Campo de Roupas

XABÓNS COSMÉTICOS

7 e 14 de novembro
Escola de Candamil

CONSERVACIÓN ALIMENTOS

Ata o 29 de outubro
Liga Santaballésa

GAITA, PERCUSIÓN E BAILE

Buxos Verdes, Vilalba

PILATES, IOGA, RESTAURACIÓN

A partir de outubro
Mulleres rurais Agarimo
Santaballa, Vilalba

CONCURSOS

FOTOGRAFÍA DÍA DA MULLER

Ata o 10 de outubro
A Pastoriza

DEBUXO INFANTIL TASCA DO LIÑO

Ata o 16 de outubro
Mulleres Rurais de Insua

POESÍA TASCA DO LIÑO

Ata o 16 de outubro
Mulleres Rurais de Insua

EVENTOS

RULETA DO COMERCIO

9 de outubro
Meira

RILO & PENAQUIDE

10 de outubro
Centro sociocultural de Castro de
Rei e casa da cultura de Castro
Ribeiras de Lea

XORNADAS APÍCOLAS DO EUME

Ata o 10 de outubro
Casa do Mel de Goente

TEATRO: AS VIRXES SALVAXES

10 de outubro
As Pontes

CONCERTO: CORO RIOTORTO

12 de outubro
Rábade

DÍA DA MULLER RURAL

15, 16, 17, 23 e 24 de outubro
Xermade

42º RALLYE SAN FROILÁN

16 e 17 de outubro
Outeiro de Rei e Friol

CINE: TECIDO RESISTENTE

17 de outubro
A Pastoriza

TASCA DO LIÑO

24 de outubro
Insua, Vilalba

INVERNADA DE CINE

24 de outubro
Cabreiros, Xermade

CINE: DESPOIS DAS ONDAS

30 de outubro
As Pontes

PARGA ROCK

31 de outubro
Parga, Guitiriz

CONCERTO: GALLAECIA ALL STARS

1 de novembro
As Pontes

TEATRO: DA AVARICIA

6 de novembro
As Pontes

RADIOAFECIONADOS


17 de novembro
Centro Cultural e Recreativo de
Vilalba

PRESENTACIÓN: INVISIBLES

27 de novembro
A Pastoriza



a elección de...



Lorena Tenreiro
Concelleira das Pontes

un libro



El ocho
de Katherine Neville

un disco



La traición de Wendy
de Ismael Serrano

unha película




Mystic River
de Clint Eastwood

unha personaxe histórica




Lee Miller

un lugar para visitar



Lisboa

unha afección




Cociña

unha comida



Lasaña

unha bebida



Café

Máis eventos en:

www.terrachaxa.com

JANSU

Domingo Goás, 16 baixo
27800 Vilalba
Tel.: 982 510 367
651 577 247

Volvemos á normalidade, esperámoste!

DENDE 0 € - PREGUNTANOS COMO
JANSU VILALBA

FERRUGERÍA
FOTOFELACIÓN
TAXI/ONDO ADULTOS - INFANTE
DEFENSA PERSONAL
ZUMBA ADULTOS - INFANTE
CROSS TRAINING
T.B.X. SUSPENSIÓN M.T.B.
SPINNING
INICIACIÓN SETIMOS LATINOS
XIMNASTIA MANTENIMENTO SUAVE
ADESTRAMENTO PARA MAIORES
ADESTRADOR PERSONAL



DESCUBRINDO O PATRIMONIO



Miriam Fernández

A Torre de Miraz en Friol



Tres vistas da Torre de Miraz pertencente á freguesía da parroquia do mesmo nome

O Concello de Friol, localidade prolífica en canto a elementos patrimoniais, posúe unha das fortalezas máis representativas da provincia de Lugo e da nosa comunidade, a Fortaleza de San Paio de Narla, máis non é o único exemplo deste tipo de arquitectura de carácter defensivo que existe neste fermoso territorio, pertencente á Reserva da Biosfera “Terras do Miño” e polo que tamén discorre o camiño norte se Santiago.

Na parroquia de Miráz, freguesía situada ó noroeste da extensión que abarca a municipalidade, atópase a “Torre de Miraz”, vestixio ben conservado do que foi unha antiga fortaleza que sufriu diferentes reformas ó longo do tempo dende a súa fundación por parte de D. Rodrigo Alonso de Saavedra, alá polo século XIV, nun dos solares propiedade do liñaxe dos Saavedra. No século XV a fortaleza e o próspero Couto de Miráz cam-

biaría de titularidade, pasando a mans de D. Diego de Andrade, e, á súa morte, sumárase ás propiedades de Constanza de Castro. No 1507 a fortaleza e o señorío serían devoltos ós Saavedra en favor de D. Alonso López de Saavedra, manténdose nesta familia (edificación) ata a actualidade.

A torre é de planta cadrada, cunhas medidas de 9x9 m de ancho por 12 m. de alto, construída en bloques regulares de granito. Conta con dúas plantas de altura, cada unha cunha ventá cadrada de arco rebaxado, cun corpo superior decorado con ameas e presenza de seis gárgolas, tres delas zoomorfas (forma de animais). Na cara sur superior atopamos o escudo de armas, composto por catro cuarteis cos símbolos dos Ribadeneira (cruz floreteada), os Ulloa (escaques), os Taboada (barras verticais) e os Saavedra (tres faixas xadrezadas).

Pegada á Torre, formando parte dun mesmo conxunto con planta en L, atópase un pazo, construción que se realizou s. XVIII e que orixinou a unión de pazo-torre que hoxe contemplamos, a día de hoxe en uso como vivenda familiar de carácter privado complementada

Friol posúe unha das fortalezas máis representativas da provincia, a de San Paio de Narla, máis non é o único exemplo deste tipo de arquitectura

con outras construcións anexas (antigas cuadras e alpendres). O conxunto está rodeado por un muro de cantería granítica ó

que se accede a través dun portalón alintelado con restos de decoración (pináculos e bolas), o cal nos conduce a un patio interior axardinado. Do mesmo xeito que a torre, o pazo está feito en base a bloques de granito, empregando, nese caso, a cachotería naquelas zonas que foi reformado en épocas posteriores. Consta ademais dous pisos e cuberta de lousa a dúas augas. O seu aspecto é bastante austero tendo en conta a tipoloxía e o ornato xeral dos pazos galegos de tempos do Barroco. Á planta baixa accedese por unha porta de medio punto doelada, e estaba adicada ó servizo, mentres que á segunda planta ou planta nobre se accede por unha robusta escaleira de dous tramos que conecta coa porta de acceso, de arco de medio punto, e a solaina. A solaina é o elemento máis significativo da fachada, sustentada sobre seis molduras de pedra

de grandes dimensións, con peche de paneis de pedra macizos e dividida en cinco tramos por cinco columnas monolíticas con capiteis curvos.

Aínda que as sinxeleza das súas liñas marcan as características arquitectónicas deste conxunto, estamos ante un exemplo importante de pazo que exemplifica a continuidade e utilidade das construcións fidalgas ó longo do tempo, conservada ata a actualidade pola familia que lle deu orixe, unha das liñaxes máis importantes e antigas de Galicia. O compromiso da familia por manter este monumento e parte da historia de Friol é máis que evidente, ó contrario que ocorre coa Torre de Friol, outra importante fortaleza deste concello que agarda durante anos unha man que a saque do estado ruinoso e que a afaste de converterse en parte dos monumentos desaparecidos da localidade.



CAP

TODOS LOS MESES

Formación Bonificada

- Curso obtención Tarjeta Profesional de la Construcción
- Curso Operador de Carretillas
- Curso Manipulador de Alimentos
- Curso Fitosanitarios
- Curso Bienestar Animal
- Cursos sector eólico, sector telecomunicaciones
- Curso sector Maderista



GRUPO FORMAT
formación integral de empresas

Cursos y Certificados

Pol. Sete Pontes - Rúa do Acivro, 59 Vilalba, Lugo
 alfonso@grupoforma-t.es - www.grupoforma-t.es
 Telf.: 982 51 36 05